



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:05 h. do día 28 de novembro de 2024, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL "ALTERNATIVA DOS VECIÑOS" (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL "POPULAR" (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Dominguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.
- D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas.

GRUPO MUNICIPAL "SOCIALISTA" (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Diez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asiste:
 - D^a Rosa M^a Méndez Gómez, concelleira do grupo municipal "Alternativa dos Veciños".

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente J. Calvo del Castillo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.

Antes de proceder a tratar os asuntos o alcalde, D. **Ángel García**, sinala que antes de se iniciar a sesión uns rapaces, nenos e nenas acompañados duns profesores do CEIP da Rabadeira, van dar lectura a un manifesto con motivo do 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra a muller, que di:

“Señor alcalde, concelleiras e concelleiros, persoal do Concello e veciñanza, boas tardes a todas e a todos.

Vimos do CEIP da Rabadeira de Oleiros e temos 11 anos.

Hoxe, 28 de Novembro as miñas compañeiras e eu reunímonos un ano máis para lembrar o problema que todos, homes e mulleres, loitamos por eliminar cada día: a violencia de xénero.

Como muller, sei que a violencia de xénero non é só un problema que afecta a unhas poucas; é unha realidade que moitas de nós enfrontamos en diferentes formas, xa sexa en casa, no traballo ou na rúa. Cada historia de abuso, cada berro silenciado, cada bágoa derramada, lémbra-nos que debemos unirnos e alzar as nosas voces.

Hoxe, honramos ás valentes mulleres que loitaron antes que nós, a aquelas 1286 que dende 2003 perderon a vida por mor da violencia e ás que seguen loitando por un mundo máis xusto.

Non podemos quedarnos caladas. Debemos falar, debemos actuar e debemos elixir un cambio.

O pasado 25 de Novembro foi o día en contra da violencia de xénero e honramos a todos os homes e mulleres que loitaron por defender estes dereitos.

Dende 2013, o ano no que nacemos, morreron en España 625 mulleres vítimas da violencia de xénero. Nestes 11 anos, 425 nenos e nenas quedaron orfos por unha violencia terrible.

3 de cada 4 mulleres vítimas desta violencia deixan fillas e fillos que perden unha referencia de cariño e sofren unha situación extrema de desamparo.

Estes asasinatos son unha mostra desta violencia física extrema, pero, lamentablemente, son todavía máis frecuentes outras demostracións de violencia:

Agresións físicas, violacións, abusos sexuais, gritos, insultos e ameazas son demostracións visibles do que están vivindo moitas mulleres. Pero tamén hai violencia invisible.

Quitalles valor, humillar, ignorar, desprezar, culpabilizar, facer chantaxe emocional, controlar, invisibilizar, o humor, a publicidade ou a linguaxe sexista, anular e os micromachismos son expresións desta violencia invisible.

Neste iceberg da violencia de xénero, a parte visible é a parte máis pequena e debemos recoñecer todas as formas de violencia para erradicalas.

Segundo os datos de ONU mulleres, 736 millóns de mulleres (case 1 de cada 3) sofren no mundo algún tipo de violencia.

Cada día, mulleres de todas as idades, razas e condicións sociais sofren en silencio, enfrontando non só a violencia visible, senón tamén a psicolóxica, económica e emocional.

Este tipo de violencia non discrimina, non ten fronteiras e, o máis doloroso, en moitos casos hai indiferenza ou normalización social.

É imprescindible que entendamos que a violencia de xénero non é un problema privado, é un problema que nos afecta a TODAS e TODOS.





CONCELLO DE OLEIROS

A cada un de nós, como sociedade, correspóndenos traballar na súa eliminación, na construción dunha cultura de respecto, igualdade e xustiza.

Cada acto de violencia non é só unha agresión á vítima, senón un ataque aos principios máis fundamentais da sociedade.

Porque cando unha muller sofre violencia, todas a estamos sufrindo. E cando cala unha voz, está a calarse unha sociedade enteira.

Hoxe reunímonos para alzar as nosas palabras nun chamado á acción. O 25 de Novembro non é só unha data no calendario; é un recordatorio da loita constante que enfrontan millóns de mulleres en todo o mundo. Cada historia de violencia, cada acto de discriminación, lémbrenos que aínda queda moito por facer. É un día para reflexionar, para educar e, sobre todo, para unirnos en actos coma este.

Xuntas, xuntos, podemos construír un futuro onde cada muller viva sen medo, onde a igualdade e o respecto sexan a norma, non a excepción.

Debemos comprometermos a non ser indiferentes, a ser parte activa do cambio. A denuncia, o apoio e a educación son as nosas ferramentas máis poderosas.

Hoxe, reafirmamos o noso compromiso de erradicar a violencia de xénero e de traballar por un mundo máis xusto.

Temos 11 anos e ogallá os nenos e nenas que nacen neste 2024 non teñan dentro de 11 anos estes datos tan terribles que sufrimos. Nós faremos o que está na nosa man para evitalo e queremos facervos unha proposta para axudarnos:

Moitas veces os nenos e nenas que quedan orfos precisan atención psicolóxica, apoio e unha familia de acollida. Pedímosvos ao Concello de Oleiros que fagades posible esta petición, que os fillos e fillas da violencia de xénero atopen unha familia, un apoio e unha atención psicolóxica grazas a este Concello.

Moitas grazas."

Intervén o alcalde, D. Ángel García, para agradecerlle ós rapaces e rapazas a súa intervención neste pleno municipal e procede a nomealos unha a un, nun asunto tan importante e que está a abraiar diariamente ó mundo desgraciadamente e tamén aproveita para agradecerlle a presenza do profesor e da profesora que os acompañaron.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024006103, de 25 de novembro, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 24 de outubro de 2024.
- 2º.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle da Parcela A do SUD-5 (ICARIA IV).
- 3º.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da taxa polos servizos especiais de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos.
- 4º.- Expediente do orzamento xeral do Concello de Oleiros para 2025, así como as súas bases de execución e o respectivo cadro de persoal. Resolucións de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do mesmo.
- 5º.- Aprobación, se procede, do recoñecemento extraxudicial de crédito do contrato "Subministración de enerxía eléctrica en baixa e media tensión do Concello de Oleiros" no período comprendido entre o remate do contrato actual e a adxudicación do novo.
- 6º.- Adopción de acordo de adhesión á Central de Contratación da FEGAMP a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos contratados pola mesma.
- 7º.- Dar conta do informe de control financeiro definitivo á Oferta de Emprego Público para 2024.





CONCELLO DE
OLEIROS

8º.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 3º trimestre de 2024.

9º.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 3º trimestre de 2024.

10º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024005479 ata o 2024006100.

11º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta do Pleno extraordinario celebrado a día 24 de outubro de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ó acta que se achegou para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Neste intre prodúcese debate entre a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, que quería intervir no asunto e o alcalde, D. **Ángel García**, que non vai permitirlle facer ningún tipo de teatro nos plenos e que vote a acta afirmativa ou negativamente, sen máis.

De orde do Sr. Alcalde pásase de seguido á votación do asunto, amosándose o resultado de **dezaioito (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”, o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 24 de outubro de 2024*.

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle da Parcela A do SUD-5 (ICARIA IV)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que este estudio de detalle pretende definir as rasantes de implantación e ordenar os volumes edificables da parcela.

Emitido informe favorable polo arquitecto municipal, solicitouse a corrección de titularidade que xa foi incorporada ó expediente coa redacción definitiva do documento, expúxose ó público e non se presentou alegación ningunha polo que procede a proposta de aprobación definitiva do mesmo.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que antes de emitir voto queren precisar unha serie de matizacións ó respecto. A primeira, Oleiros conta cun problema grave de vivenda que implica que a mocidade teña que abandonar o concello...

Neste intre polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálalle ó concelleiro que estaba a intervir que se ciña ó punto en cuestión porque non se está tratando a política de vivenda.

Segue coa súa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo que mentres a política de vivenda é inexistente, bonifican co 90% do IBI a inmobiliarias e empresas urbanizadoras...





CONCELLO DE OLEIROS

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, insístelle ó concelleiro intervinente en que ou se centra no punto en cuestión ou lle retira a palabra.

Segue coa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández**, dicindo que as preguntas que se fai o seu grupo a respecto deste asunto son que si bonificando o 90% ás construtoras, incrementar o parque de vivendas no concello vai mellorar a vida dos oleirenses, ou vai facilitar a vivenda a xente moza, polo que non poden votar a favor destas políticas anti sociais, polo que se van abster e o goberno municipal, co seu voto, van retratarse para quen benefician estas políticas, ós construtores ós que lle rebaixan un 90% do IBI.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 25 de novembro de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular; dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Con data 20 de novembro de 2024, a coordinadora de servizos urbanísticos e o arquitecto do Concello de Oleiros emiten un informe coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (*transcripción literal parcial*):

“

1. OBXECTO DO INFORME

EXPEDIENTE	2024/PLANEAM/000009 (FG NÚM. 735)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle da parcela “A” (Solana de Icaria) do polígono leste, SUD-5 (Icaria IV)
ENTIDADE PROMOTORA	AQF Icaria IV, S.L. (B-19.889.823)
ENTIDADE REDACTORA	Roque Viejo Viñas, col. COAG núm. 2363
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Parcela “A” (Solana de Icaria) do polígono leste, SUD-5 (Icaria IV). Preténdese definir as rasantes de implantación e ordenar os volumes edificables.
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	01.07.2024 nº rexistro 2024013975
INFORME TÉCNICO	19/08/2024 – favorable. Solicítase corrección de titularidade que xa consta incorporada ao expediente coa redacción definitiva.
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. PERSOAS TITULARES	Publicado no xornal “La opinión”, de data 18 de setembro de 2024 Publicado no DOG núm. 182 do venres, 20 de setembro de 2024 Remitidas notificacións aos afectados, figurando no expediente os acuses
ALEGACIÓNS	Non se presentan alegacións
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	NRE 2024024565, de 20 novembro

2. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76, 79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.





CONCELLO DE
OLEIROS

- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle

Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes*
- b) Ordenar os volumes edificables*
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan*

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.*
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)*
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) Parcelar o solo.*
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.*

Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.

- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.*
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.*
- d) Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.*

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe. Xa se fixo a corrección en relación á titularidade da parcela, presentándose a escritura pública que acredita a titularidade por AQF Icaria IV, S.L. (B-19.889.823), ao terse aportado á sociedade na escritura de constitución outorgada ante o notario don Gonzalo Freire Barral con número de protocolo 1740 de 10 de xullo de 2024.

b. Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Polas particulares lexitimadas para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse pola entidade promotora a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigaón de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigaón de conservación da urbanización corra a cargo das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigaón.

No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado pola promotora que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, non existen afectacións que esixan informe sectorial.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é a Alcaldía, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico do persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe da Secretaría municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

No caso que nos ocupa, non se presentou ningunha alegación no trámite de información pública, polo que se mantén a versión que se presentou ao trámite de aprobación inicial.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:





CONCELLO DE
OLEIROS

1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.
2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 da memoria, rubricado ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 13 a 22 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle
3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.
4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.
5. Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)”.

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2024/PLANEAM/000009 (FG NÚM. 735)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle da parcela “A” (Solana de Icaria) do polígono leste, SUD-5 (Icaria IV)
ENTIDADE PROMOTORA	AQF Icaria IV, S.L. (B-19.889.823)
ENTIDADE REDACTORA	Roque Viejo Viñas, col. COAG núm. 2363
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Parcela “A” (Solana de Icaria) do polígono leste, SUD-5 (Icaria IV). Preténdese definir as rasantes de implantación e ordenar os volumes edificables.
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	01.07.2024 nº rexistro 2024013975
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	NRE 2024024565, de 20 novembro

SEGUNDO.- dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e arquivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 da memoria, rubricado ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 13 a 22 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.





CONCELLO DE
OLEIROS

SEXTO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor, así como as persoas interesadas.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 3.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da taxa polos servizos especiais de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que se propón a modificación desta Ordenanza Fiscal nº 5, incluso xa no que atinxe ó seu título, dado que ó existente engádense as situacións de prevención e salvamentos, polo que pasará a denominarse finalmente como Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da taxa polos servizos especiais de prevención, extinción de incendios, emerxencias, salvamentos e outros análogos, o que afecta xa ó seu artigo nº 1.

Ademais, incorpóranse feitos impositivos relativos a servizos que se realizan polo Servicio Municipal de Emerxencias e Protección Civil (SMEPC), tales como servizos preventivos en concentracións, espectáculos públicos e outros; servizos de formación, asesoramento e inspeccións de seguridade prestados. Estas incorporacións procede sinalalas no punto 1 do artigo 2 da Ordenanza, cos novos apartados d) e e).

Incorpórase tamén un novo apartado 4 no artigo 2, coa fin de regular a non suxeición á taxa dos servizos realizados a instancia dos xulgados, forzas e corpos de seguridade, servizos de protección civil e outras autoridades, no exercicio dos seus respectivos cargos e por razóns que atendan á seguridade xeral da poboación.

No art. 3, incorpórase a figura do suxeito pasivo, nos supostos de formación, asesoramento e inspección de seguridade, que é a persoa física ou xurídica que solicite estes servizos.

Propónse unha modificación das tarifas reguladas polo artigo 6, epígrafes 2º, 3º e 4º, unha vez realizado o estudio de custes respecto ós vehículos, equipos e material consumibles utilizado polo servizo.

Tamén se actualizan as tarifas correspondentes ó persoal, epígrafe 1º do artigo 6, en relación a todos os apartados, agás o b) voluntario da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, de acordo co incremento dos salarios do 2% e en canto ó persoal voluntario da Agrupación de Voluntarios, o importe por hora ou fracción proposta nos orzamentos para o ano 2025 ascende á cantidade de 6 €.

Realízase unha actualización da tarifa correspondente á quilometraxe regulada no epígrafe 5º do artigo 6, aplicándose o importe de 0,26 €/Qm., de acordo coa orde do Ministerio de Facenda e Admón. Pública.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que están de acordo coa modificación do título da Ordenanza e coa incorporación dos servizos de prevención e salvamentos, pero en cambio desde o seu grupo xa manifestaron que non están de acordo coa subida das taxas de xeito xeneralizado por non vir amparada, como xa dixeran no pleno anterior, por un informe económico e como puideron comprobar co estudio dos expedientes do pleno anterior, de aí que anuncia o voto en contra do seu grupo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que en primeiro lugar quere aclarar que o seu grupo non ven aquí a facer teatro, ven a facer oposición e nesa liña, comezaron denunciando o atraco a man alzada que supoñía a subida das taxas e hoxe tócalles ós que faltaban, ós que vaian sufrir algunha desgraza, como será que ata a prensa faise eco deste incremento, máis do 187% na subida das taxas por extinción de incendios, emerxencias e salvamento. Subiron todas as taxas e impostos, tanto ós vivos coma ós mortos, subíronas para calquera tramite, obras, arranxos, vehículos, aparcamento, informes, tumbas, pero aínda lles faltaba subir as taxas das desgracias e aquí están. A pregunta é para que esta escandalosa subida, para facer cousas beneficiosas para a veciñanza, como mellorar o saneamento, a traída de auga, facer vivendas para a xuventude, beirarrúas, mellorar a mobilidade ou incrementar servizos, pois non é así, para pagar nado do dito, só para pagar o capricho millonario do alcalde, o multiusos.

Por certo, saben para que soben as taxas pero o que non saben porque o goberno municipal nin o explica nin o xustifica, o por que desa contía, por que desas subidas, porque non veñen acompañadas co estudio económico correspondente, soben a cantidade que lles parece e punto e resulta que ata haberá que pagarlle ó persoal voluntario a razón de 6 €/hora, aínda que pareza unha contradición voluntario–salario; a conclusión é que dado o incremento do custe prestado nas emerxencias é que máis lles vale a toda a veciñanza ter contratado un bo seguro. Esta subida é un novo atraco e non é que lle estea chamando atracador, denomina como un atraco á medida tomada e gustaríalle saber como se sentirá cando aplique esta subida nas taxas das desgracias porque, o que é certo, e que tódolos veciños e veciñas de Oleiros vanse sentir atracados.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que como ben dixo a voceira do goberno municipal, muda ata a denominación da Ordenanza para engadir a prevención e salvamentos de calquera tipo. Increméntanse de xeito xeneralizado as tarifas como consecuencia da subida salarial, fala do 2%, outras unha cantidade maior como é o caso de intervención de protección civil, que medra ata 6€/hora ou a lóxica adaptación da quilometraxe á legalidade actual, como se adoita facer en calquera administración que se compense por desprazamento de calquera traballador ou funcionaria.

Tamén incorpora novos conceptos para a fiscalidade, como o consumo de auga na extinción de incendios que ata de agora non existía; por outra banda exclúense as entidades veciñais ou as comisións de festas, que non van estar suxeitas a esta taxa de prevención xeral de incendios; ou os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación ou nos casos de calamidade ou catástrofe pública declarada.

Tampouco o socorrismo acuático nas praias do concello, agás nos casos de negligencia manifesta e os servizos realizados a instancia de xulgados, forzas e corpos de seguridade, protección civil ou outras autoridades no exercicio da súa función e por razóns que atendan á seguridade da poboación. En caso de intencionalidade, negligencia ou actos vandálicos, considerarase suxeito pasivo o causante do feito impositivo.

Por outra banda, quen vai facer fronte a esta subida son as aseguradoras en todo caso de que exista unha póliza de seguro e segundo comentou a voceira do goberno municipal que para o caso de que non haxa seguro, o concello ten





CONCELLO DE OLEIROS

medidas correctoras para o caso de vulnerabilidade, tal e como se dixo na comisión informativa e tendo en conta que se está a falar de servizos absolutamente esenciais, para mostra o que remata de acontecer no levante español polo que entenden que hai que coidalos, aínda que considerando que as taxas parécenlles elevados polo que vanse abster.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, agradecendo a intervención do voceiro do BNG en contraposición con persoas que veñen ó pleno a insultar e falaba antes a voceira do PSOE que eran uns atracadores e que van falar eles dos que existen no seu partido.

Aquí o que hai son persoas que loitan por defender á veciñanza, por levar adiante do mellor xeito a prestación de servizos e como os que se rematan de tratar, que teñen que pagar as compañías de seguros que gañan cartas a mans cheas co beneplácito dos gobernos de turno e que logo colocan coas portas xiratorias nos seus consellos de administración a ex ministros, ex directores xerais e análogos.

Dicir que están en Oleiros, un concello cun nivel alto en todos os sentidos e os e as embaucadoras non teñen cabida, polo que teñen difícil facer demagogia no resto do mandato que lles queda, porque as taxas hai que revisalas e quen traballa por 6 €/hora, o tema da compensación por quilometraxe, que está regulada, insiste en que hai que cobrarlle a prestación destes servizos ás aseguradoras e, incluso, hai que ter constancia que esta prestación é indubablemente para a veciñanza pero tamén para aqueles ós que se lles preste este servizo que estean desprazados do seu concello.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 25 de novembro de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Vistos os artigos 20 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 4 da Lei 7/85, de 2 de abril e o informe do TAE Inspección Tributaria de data 20 de novembro do 2024, de procedencia de modificación da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos, propónse ao Concello - Pleno, adopción de acordo de modificación desta Ordenanza fiscal, consistente en:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do título da Ordenanza fiscal nº 5, sendo a nova redacción: “ORDENANZA FISCAL Nº 5, REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS, EMERXENCIAS, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS”.

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 1º, quedando redactado do modo seguinte:

“Artigo 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Legislativo /2004 de 5 de marzo), este Concello establece a “Taxa polos servizos especiais de prevención, extinción de incendios, emerxencias salvamentos e outros análogos”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cales normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.”





Terceiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2º, quedando redactado do modo seguinte:

“Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

1. -Constitúe o feito impoñible da Taxa, a prestación de servizos nos casos de:

a) Extinción de incendios e alarmas destes, accidentes de tráfico, afundimentos totais ou parciais de edificios, instalacións e construcións, ruínas ou prevención destas, derrubas, inundacións, actuacións derivadas das redes de subministro, saneamento, alumado público, actos vandálicos, salvamentos, calquera outra actuación derivada dunha emerxencia e outros análogos; ben sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

b) Calquera outro servizo de recepción obrigatoria prestado polo Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil ou polos Servizos Municipais, na materia obxecto desta taxa.

c) As actuacións que, aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran realizadas polo persoal do Servizo de Emerxencias e Protección Civil e/ou polos Servizos Municipais a requirimento dos interesados.

d) Os servizos preventivos en concentracións, espectáculos públicos e outros

e) Os servizos de formación, asesoramento e inspeccións de seguridade.

2. -Non estará suxeito a esta Taxa o servizo de prevención xeral de incendios, nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do Municipio ou nos casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

3.- Non estará suxeito a esta Taxa o servizo de socorrismo acuático nas praias do Concello, salvo nos casos de negligencia manifesta. (Enténdese por socorrismo a actividade cuxo obxectivo principal é a seguridade dos usuarios nas zonas de baño, baseándose na prevención, na vixilancia e na intervención ante unha situación de urxencia).

4. Non estarán suxeitos a esta Taxa os servizos realizados a instancia dos Xulgados, Forzas e Corpos de Seguridade, Servizos de Protección Civil e outras autoridades, no exercicio dos seus respectivos cargos e por razóns que atendan á seguridade xeral da poboación.”

Cuarto.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3º, quedando redactado do modo seguinte:

“Artigo 3º: SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiados pola prestación do servizo, entendendo por tales os usuarios das fincas sinistradas (propietarios, arrendatarios, usufrutuarios) que fosen obxecto da prestación do servizo.

Non obstante, no caso de prestación de servizos de salvamento ou outros análogos, son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas ou Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que solicitaran os servizos ou en quen o interese redunde.

En caso de intencionalidade ou negligencia (actos vandálicos) considérase suxeito pasivo contribuínte o causante do feito impoñible.

Non terán a condición de suxeitos pasivos contribuíntes, as asociacións de veciños nin as entidades sin ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Nos supostos de servizos de formación e asesoramento e inspeccións de seguridade considéranse suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas que soliciten os servizos.

2.- Terán a consideración de substitutos do contribuínte na prestación de servizos de extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e demolicións, accidentes de tráfico, salvamentos, e en xeral de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

En caso de que os bens non se encontrasen asegurados, será substituto do contribuínte, o propietario do inmovible, quen poderá repercutir a débeda tributaria sobre os respectivos beneficiarios ou afectados.”

Quinto.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6º, quedando redactado do modo seguinte:

“Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA





CONCELLO DE
OLEIROS

A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o recorrido efectuado polos vehículos que actúen.

Para tal efecto, aplicárase a seguinte tarifa:

Epígrafe primeiro. Persoal:

a) Por c/.socorrista, por hora ou fracción	13,71 €
b) Por c/.voluntario da AVPC, por hora ou fracción	6,00 €
c) Por c/. axente de emerxencias, por hora ou fracción	18,60 €
d) Por c/.coordinador de emerxencias e Protección Civil, por hora ou fracción	28,24 €
e) Por c/. coordinador de servizos municipais, por hora ou fracción	34,71 €
f) Por c/. administrativo, por hora ou fracción	26,42 €
g) Por c/. auxiliar administrativo, por hora ou fracción	16,77 €
h) Por c/. encargado de área de servizos municipais, por hora ou fracción	22,98 €
i) Por c/. xefe de equipo ou encargado do retén, por hora ou fracción	18,52 €
j) Por cada operario de servizos municipais, por hora ou fracción	16,70 €
k) Por cada aparelador municipal, por hora ou fracción	28,61 €

Epígrafe segundo. Vehículos:

a) Vehículo lixeiro e análogos (VL) SMEPC, por hora ou fracción	12,92 €
b) Vehículo de intervención rápida, por hora ou fracción	13,33 €
c) Embarcación rescate e salvamento, por hora ou fracción	12,00 €
d) Moto rescate acuático, por hora ou fracción	23,95 €
e) Furgón servizos varios, por hora ou fracción	17,78 €
f) Camión autoescaleira, por hora ou fracción	126,65 €
g) Bomba pesada urbana, por hora ou fracción	92,00 €
h) Pala retroescavadora, por hora ou fracción	32,00 €
i) Tractor multiusos (sin aperos), por hora ou fracción	32,00 €
j) Camión basculante, por hora ou fracción	40,00 €
k) Camión cisterna, por hora ou fracción	150,00 €
l) Camión portacontenedores, por hora ou fracción	40,00 €
ll) Barredora autopropulsada, por hora ou fracción	30,00 €
m) Hidrolimpiadora+vehículo, por hora ou fracción	40,00 €
n) Vehículo lixeiro (área Servizos), por hora ou fracción	20,00 €

Epígrafe terceiro. Equipos:

a) Xerador de espuma, por hora ou fracción	33,33 €
b) Equipo de recate en estrada, por hora ou fracción	88,89 €
c) Equipo de rescate en altura, por hora ou fracción	53,33 €
d) Equipo de recate acuático, por hora ou fracción	40,00 €
e) Grupo electrógeno, por hora ou fracción	40,00 €
f) Equipo de achique, por hora ou fracción	33,33 €
g) Motoserra, equipos de corte, por hora ou fracción	22,00 €
h) Detector de gases, por hora ou fracción	35,00 €
i) Cámara térmica, por hora ou fracción	48,00 €
j) Ventilador-extractor de fumes, por hora ou fracción	33,50 €
k) Kit apertura portas, por hora ou fracción	80,00 €
l) Por cada tramo de manguera, por hora ou fracción	4,00 €
ll) Equipo de corte por plasma, por hora ou fracción	20,00 €
m) Material lixeiro xenérico, por hora ou fracción	5,00 €

Epígrafe cuarto. Material consumible:

a) Extintor	36,00 €/unidade
b) Botella aire comprimido	15 €/unidade





CONCELLO DE
OLEIROS

c) Expumóxeno	12 €/litro
d) Secante/absorvente	17 €/Quilo
e) Dispersante	10 €/litro
f) Auga	2 €/intervención

Epígrafe quinto: Quilometraxe (contabilizase ida e volta): 0,26 €/quilómetro.

Nota común ás epígrafes primeira, segunda e terceira:

O tempo investido na prestación do servizo computarase desde a saída ata o regreso ao parque.

A cota tributaria total será a suma das correspondentes ás dos epígrafes da tarifa."

Sexto.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, estas resolveranse polo Pleno do Concello.

Sétimo.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma."

Punto 4.- Expediente do orzamento xeral do Concello de Oleiros para 2025, así como as súas bases de execución e o respectivo cadro de persoal. Resolucións de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do mesmo

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que o pleno municipal do 24 de outubro deste ano aprobou de xeito inicial o orzamento municipal para 2025, así como o Cadro de Persoal funcionario, laboral eventual.

Unha vez aprobado inicialmente, expúxose ó público e durante o prazo establecido presentáronse as alegacións seguintes:

- 1.- Escrito de Jaime Castiñeira, en calidade de director xeral de EMALCSA.
- 2.- Escrito presentada por Lucía Filloy, normalizadora lingüística municipal.
- 3.- Escrito de M^a Carmen Acuña, voceira do grupo municipal "Socialista".

Emitido informe polo interventor municipal en canto a estas alegacións e centrándose xa na primeira formulada por EMALCSA, fundaméntase en dous elementos consistentes en que o orzamento municipal de Oleiros omite o crédito necesario para pagar as facturas emitidas por dita entidade en base ó consumo de auga en alta desde o mes de agosto de 2022, que ascende a 3.021.018,76 €, non consignando ningún crédito para esta fin no ano 2025, alegando tamén que non se recolle crédito ningún para pago dos intereses de demora.

Ademais, salienta que o xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de A Coruña desestimou a solicitude deste concello de cambio de facturación do concello a AQUAOLEIROS SA, que é a empresa creada polo concello para a xestión do servizo de subministración de auga potable no termo municipal de Oleiros.

Estas alegacións non poden aceptarse polos motivos que se sinalan, en canto a que o alegado polo alegante de que non existe consignación orzamentaria, non é así dado que existe unha previsión de gasto incluída no orzamento xeral do concello.





CONCELLO DE
OLEIROS

Esquece o reclamante, como xa o fixo ó negarse a dirixir a facturación a AQUAOLEIROS SA, empresa de capital integramente municipal, que o orzamento xeral das entidades locais intégrase polo orzamento do concello, ou entidade territorial correspondente, e dos entes dependentes entre eles, os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local, como é o caso de AQUAOLEIROS. Porén, o orzamento administrativo de AQUAOLEIROS SA, integrado no orzamento xeral do concello engade unha previsión de gasto en concepto de consumo de auga para o exercicio 2025 de 1.258.000 €; o orzamento da mercantil apróbase equilibrado, polo que dispón de recursos suficientes para o pagamento deste importe.

A débeda que se reclama correspondente ós exercicios 2022 e 2024 está debidamente provisionada na contabilidade da empresa municipal, que dispón de suficiente tesouraría para o seu pago de xeito inmediato, que se fará en tanto en canto EMALCSA facture a AQUAOLEIROS SA como se lle indica cada vez que o reclamante factura a auga en alta a este concello, e se lles devolve para que as volva xirar á empresa municipal AQUAOLEIROS SA.

En canto ó argumentado en segundo lugar por EMALCSA, se ben é certo que o devandito xulgado desestimou a petición de cambio de facturación do Concello de Oleiros a AQUAOLEIROS SA, é máis certo que esta sentenza non é firme e foi recurrida en apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza, xa que este concello entende que ten razóns de peso para considerar que esta sentenza en primeira instancia non é axeitada, dado que por unha banda EMALCSA parte dunha consideración restritiva do concepto de concello incluído na súa ordenanza nº 42, reguladora do prezo público para subministración de auga potable ós municipios da área da Coruña.

A Lei 7/1985, de bases do réxime local, permite que os concellos presten servizos mediante xestión directa ou indirecta e este concello cambia en 2022 o sistema de xestión do servizo de subministración de auga, pasando de xestión indirecta vía concesionaria, a xestión directa mediante empresa mercantil de capital integramente municipal, é dicir, segue o concello prestando o servizo e comprando a auga en alta a través dunha empresa pública da súa titularidade polo que as facturas deben dirixirse á nova persoa xurídica creada polo concello para a prestación deste servizo.

Non é comprensible como o concello da Coruña pode crear unha empresa municipal para prestar o servizo de auga, EMALCSA, e logo a través desta empresa pon problemas a este concello cando crea unha empresa igual que eles; trabas que son moi gravosas para o concello e ós consumidores de auga de Oleiros, como se vai entender agora.

Ademais da incorrecta interpretación da citada Ordenanza nº 42 do concello da Coruña, é nula de pleno dereito, dado que se aprobou como ordenanza fiscal, cando os prezos públicos deben regularse mediante acordo plenario ou, por delegación, pola xunta de goberno local e esta non é unha interpretación súa senón do interventor municipal.

En último lugar, o prexuízo económico ó concello é á veciñanza que consumen auga é cuantioso, dado que si se admitise a tese de facturación de EMALCSA ó concello e segundo consultas vinculantes da Dirección Xeral de Tributos, en casos como este no que o concello é o destinatario das facturas pola compra de auga, este debe repercutir dito custe á empresa que presta o servizo de distribución e subministración á veciñanza.

Para repercutir esta facturación pola adquisición de auga en alta, o concello debe integrar na base impositiva da súa factura dirixida a súa empresa municipal o 10% de IVE soportado e sobre este importe acumulado, repercutir o 21%





CONCELLO DE
OLEIROS

do IVE, así o custe da auga increméntase nese 10% que se fixo, que terán incidencia directa na tarifa a cobrarse á veciñanza, un sobre custo que en Oleiros valórase nuns 100.000 €/ano.

Todos estes argumentos son nos que se basea o recurso presentado contrata a sentenza firme do Xulgado do Contencioso da Coruña que sinala o reclamante, argumentos que se consideran de peso para revogar dita sentenza e que este concello ten a obriga de manter coa fin e no sobrecargar innecesariamente o custo da auga que ó final repercutirá nos consumidores.

En canto á alegación presentada polo grupo municipal “Socialista”, fundaméntase que no capítulo seis do orzamento, investimentos, se atenda ás necesidades reais da veciñanza, dado que investimento sería gastar agora para aforrar no futuro e neste caso o que están é a xerar, con malas e ineficientes decisións, máis gastos para o futuro polo que propoñen paralizar a obra da construción do edificio multiusos exixíndolle responsabilidades ós axentes que interviron no fiasco do proxecto presentado coa fin de repercutirlles o sobrecoste da obra e mentres as responsabilidades non se diriman, dedicar esta consignación a outras obras de interese público para a veciñanza.

Dito isto, segundo o informe obrante no expediente, esta alegación non se axusta a ningún dos supostos taxados no apartado 2 do art. 170 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, para interpoñer alegacións á aprobación inicial dos orzamentos, considerando que máis que unha alegación podería ter a consideración de emenda ó documento orzamentario, tramite que se debería substanciar no pleno de 24 de outubro, con motivo do tratamento da aprobación do orzamento non sendo este o intre procedimental para facelo, polo que debe desestimarse a alegación presentada. Finalmente, na alegación presentada pola traballadora municipal D^a Lucía Filloy segundo o informado polo interventor municipal, está lexitimada para presentala ó ser empregada municipal e polo tanto, cobra do orzamento do concello, de aí que se derive o seu interese directo no expediente.

Fundamenta a alegante na súa reclamación en base ó seu desacordo coa valoración realizada ó seu posto na RPT argumentando a súa baixa valoración polo que solicita que o orzamento recolla o crédito necesario para recoñecer as obrigas que poidan ou pretendan recoñecer, incorporando como xustificación diso unha serie de anexos, entre os que se conta o de persoal. Este anexo responde á normativa e ós acordos en materia de persoal, entre o que se encontra a RPT, a isto infórmase que o procedemento a seguir pola reclamante non debería ser a presentación dunha alegación ó orzamento senón un recurso contra o acto administrativo polo que se aprobou a RPT, ben o potestativo de reposición ou o contencioso administrativo, a alegación non se axusta a ningún dos motivos taxados polo que se propón ó pleno que desestime a alegación.

En vista de todo o salientado, proponse desestimar as alegacións presentadas e aprobar o orzamento xeral do concello para 2025, xunto cos anexos que o acompañan de xeito definitivo.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que tal e como xa argumentaron no pleno anterior onde trouxeron a aprobación inicial o orzamento e onde presentaron unha emenda á totalidade do





CONCELLO DE
OLEIROS

documento por diversos motivos, ó seu entender este documento orzamentario non satisfacen as necesidades da veciñanza e por ese motivo anuncia o voto do seu grupo en contra.

En canto á alegación presentada por EMALCSA e sobre os importes reclamados, aínda que si figuran no orzamento nun apartado que non saben se é ou non correcto porque deberían saber a nome de quen está ese contrato para saber se non fondo está ben ou non, tendo en conta que un tribunal xa se pronunciou sobre esta cuestión en contra ante o recurso presentado polo concello. Todo isto estalle a supoñer un incremento e un gasto innecesario á veciñanza que canto antes se debería resolver para reducir así ese sobrecusto da auga, polo que insiste en que votarán en contra.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, argumentando que o seu grupo presentou unha alegación a unhas contas que consideran lesivas para a veciñanza e para tratar que o esforzo inversor municipal priorice as necesidades reais do concello.

A proposta do orzamento que van aprobar hoxe, non sabe se sós ou coa axuda do BNG que xa aprobou a subida xeneralizada de taxas, é a mesma que o ano anterior limitándose o goberno municipal a xustificar o gasto para prestar mellores servizos, cando a realidade é que en Oleiros cada día os servizos son de peor calidade.

A respecto das alegacións formuladas, é interesante pararse na alegación presentada por EMALCSA e é certo que o concello de Oleiros ten unha parte razoable en canto á posición que mantén aínda que discutible desde o punto de vista xurídico e o seu grupo ofrece a súa colaboración para intentar axudar a este concello a elaborar a mellor proposta posible para tentar reverter a situación, visto o estado xudicial no que se atopa.

Pero o que sí non é discutible é que se está a falar da posibilidade de repercutir un IVA duns 100.000 €, o que sería lesivo para a veciñanza, sen embargo estase a omitir que do 1.200.000€ que estes veciños pagan a EMALCSA tódolos anos, case o 40% no ano 2021 estimado o estudo da enxeñeira que fixo para crear AQUAOLEIROS dicía que as perdas, os consumos non rexistrados rondaban o 40% e xa dicía que se esa situación non mudaba por debaixo do 20%, que é o preceptivo legalmente, ou incluso do 15% os consumos non rexistrados habería que subir as taxas da auga para compensar esas perdas, é dicir, do 1.258.000 € que agora se gastan en comprarlle auga a EMALCSA, o estado actual despois do análise de AQUAOLEIROS reflicte a existencia dunhas perdas non rexistradas dun 32%, o que supón que se está a pagar uns 400.000 € de máis por non facer un esforzo inversor en ter as redes de abastecemento no estado axeitado e iso é responsabilidade do goberno municipal, porque son os responsables da empresa municipal de augas AQUAOLEIROS, isa é a súa responsabilidade na perda deses practicamente 400.000 € e logo poñen o foco neses 100.000 € que hai en discusión na facturación e que xa adianta que é discutible ese punto de vista, pero no gasto importante e no que o goberno municipal ten o 100% de competencia non actúan.

E o seu grupo dicía de paralizar a construción do multiusos porque se lles din que minten parécelles mal, pero están a falsear a realidade cando alegan que os 8.200.000 € que vai custar ese edificio neste exercicio saen da venda de parcelas, porque para a venda de parcelas o goberno municipal orzamentou para este exercicio menos de dous millóns de euros, exactamente 1.954.000 €, é dicir, para a construción do multiusos hai un déficit no ano 2025 nas contas





CONCELLO DE
OLEIROS

presentadas de 6.200.000 € ¿De onde van saír eses cartos? Da subida xeneralizada de taxas e impostos e de desatender as necesidades reais da veciñanza e todo isto, cando existe un sobrecusto de 2 millóns de euros por un problema no proxecto, por un problema no estudio xeotécnico sen que se lles teña repercutido isto ós responsables, nin tan sequera se teña iniciado ningunha acción para exixirillo, cuestión que non deixa de ser unha negligencia gravísima e, por outra banda, o que propuxo o seu grupo con eses 8.200.000 € era adicar 4 millóns á mellora conxunta das redes de saneamento e abastecemento, cada vez que se abra unha rúa renovalas, cuestión que non se está a facer; adicar 1,5 millóns a políticas de vivenda; outro 1,5 millóns á mellora de beirarrúas e alumeados; 200.000 € para poñer en marcha unha primeira fase do plan de mobilidade, que pagaron e teñen gardado nun caixón e outros 200.000 € para políticas activas de apoio ó comercio local e sobraría aínda un millón de euros, que unidos ós 500.000 pola eliminación do vehículo oficial, dos asesores que non saben a metade o que fan e a exclusiva da metade de concelleiros e concelleiras, aforrariáase outro millón e medio de euros, o suficiente para non subir taxas e impostos.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, anunciando a súa abstención ó igual que fixo cando trouxeron o orzamento a aprobalo inicialmente, como remata de dicir o concelleiro do PSOE contan con 13 concelleiros e concelleiras, unha maioría folgada e que non precisan de ningunha axuda nese eido, ogallá a precisasen a ver o que acontece no ano 2027.

Entrando de cheo no asunto, en canto ó tema de EMALCSA que por certo infrinxe tódalas normas de normalización lingüística en canto a súa denominación Empresa Municipal de Augas de La Coruña, o seu grupo por convicción e por necesidade desexan que o recurso interposto polo concello saia adiante e se poida evitar ese incremento do 10% do IVE que ó final repercutiría no peto da cidadanía.

Tamén gustaríalle comentar algo sobre a reclamación da traballadora de normalización lingüística que aínda que é consciente de que este non é o cauce correcta para presentalo, o lóxico é cando se aprobe a RPT e non o orzamento municipal pero gustaríalles coñecer a opinión do alcalde en canto á alegación presentada pola traballadora en canto ó que alega de que non é valorado o seu traballo desenvolvido.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que ó que remata de dicir o voceiro do BNG cre que está contestada a alegación no informe presentado, os alcaldes non son quen para poñer salarios, os estipula a administración do Estado e sabe do que está a falar porque é funcionario público, non pode haber un tratamento diferente ós outros cando se trata da mesma materia ou parecidas e cre que neste caso á funcionaria cobra un salario acorde ó traballo que realiza, outra cuestión é que non estea de acordo con que se só se lle suba o complemento de destino, os niveis, pretendendo que se lle suba tamén o complemento específico, pero nesta administración existen case que 400 traballadores e traballadoras e como se tratan estes temas, a través da modificación da RPT que xa se trouxo ó pleno, como se está a tratar neste intre.

Respecto ó dito polo voceiro do BNG de que é unha desgraza que non os necesiten para sacar os asuntos adiante foi unha decisión do pobo de Oleiros e tampouco pasaría nada por se algunha vez volven ter que pactar, como xa fixeron





CONCELLO DE OLEIROS

noutras ocasións e se outra vez tiveran que pactar, está seguro que chegarían a acordos porque sempre se entenderon ben co BNG e queda aí a man tendida para cando faga falla porque ademais con vostede pódese falar e negociar porque é respectuoso, non como outros.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 25 de novembro de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"O Pleno do Concello, en sesión ordinaria que tivo lugar o 24 de outubro de 2024, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2025, e de forma conxunta o Cadro de Persoal funcionario, laboral e eventual para o mesmo exercicio.

De acordo co sinalado na normativa aplicable procedeuse á publicación do anuncio correspondente no BOP número. 210, de 30 de outubro de 2024, e exposto ao público no taboleiro de Edictos desta Corporación, de conformidade coa lexislación vixente, durante o prazo de quince días hábiles, prazo comprendido entre o 4 e o 22 de novembro de 2024.

Ata este momento, foron presentadas, dentro do prazo establecido, as seguintes reclamacións contra o dito acordo provisional:

- Escrito de Jaime Castiñeira de la Torre, director xeral da Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A. (EMALCSA), presentado a través do rexistro electrónico do Concello de Oleiros con número 2024024553, de 19/11/2024.
- Escrito de Lucía Filloy López, normalizadora lingüística do Concello de Oleiros, presentado a través do rexistro electrónico do Concello de Oleiros con número 2024024632, de 20/11/2024
- Escrito de M. Carmen Acuña do Campo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, presentado a través do rexistro electrónico do Concello de Oleiros con número 2024024761, de 21/11/2024.

Procede polo tanto a resolución, no prazo dun mes, da alegación presentada e a aprobación definitiva do orzamento municipal para o vindeiro exercicio 2025.

A intervención municipal emitiu informes de data 20/10/2024 e 22/10/2024 respecto das alegacións presentadas.

Polo exposto anteriormente, e en base ao disposto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e no R.D. 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo VI da citada Lei, **PROPOÑO ao Concello Pleno** que, previa deliberación e exame do expediente da súa razón, proceda a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada Castiñeira de la Torre, director xeral da Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A. (EMALCSA), presentado a través do rexistro electrónico do Concello de Oleiros con número 2024024553 de 19/11/2024, contra o acordo de aprobación inicial do Orzamento do Concello de Oleiros para o exercicio 2025, dado que o gasto derivado da subministración de auga en alta por parte de EMALCSA está incluído no orzamento administrativo da sociedade AQUAOLEIROS, S.A, empresa de capital integramente municipal, cuio estado de previsión de gastos e ingresos forma parte do orzamento xeral do Concello de Oleiros, en aplicación da letra c) do apartado 1 do artigo 164 do TRLFL.

Así, para o exercicio 2025 o importe previsto para a subministración de auga é de 1.258.000 euros. Ademais, en relación á débeda que reclama correspondente aos exercicios 2022 a 2024 está debidamente provisionada na contabilidade da empresa municipal, que dispón de suficiente tesouraría para o seu pagamento.





CONCELLO DE OLEIROS

Polo tanto, o orzamento xeral do Concello de Oleiros contén o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles ao Concello, e polo tanto non se produce o suposto tipificados no artigo 170.2. b) do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que alega o director xeral de EMALCSA.

Segundo.- Desestimar a alegación presentada por Lucía Filloy, normalizadora lingüística do Concello de Oleiros, por non se axustarse á ningún dos motivos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLFL para interpor alegacións á aprobación inicial do orzamento.

Terceiro.- Desestimar a alegación presentada por M. Carmen Acuña do Campo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, por non axustarse á ningún dos motivos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLFL para interpor alegacións á aprobación inicial do orzamento.

Sinalar que mas que unha alegación, podería incardinarse nas emendas ao orzamento, trámite que se substanciou no pleno de 24 de outubro, celebrado para a aprobación inicial do orzamento, non sendo este o momento procedimental para as emendas.

Cuarto.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2025, así como as correspondentes Bases de Execución e o cadro de persoal, de conformidade co establecido no artigo 169.1 do TRLRHL en concordancia co artigo 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO DO CONCELLO DE OLEIROS

Estado de gastos			Estado de ingresos		
Cap.	Descrición	Total	Cap.	Descrición	Total
1	Gastos de persoal	12.743.475,00 €	1	Impostos directos	12.292.000,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	15.675.740,00 €	2	Impostos indirectos	2.235.000,00 €
3	Gastos financeiros	151.790,00 €	3	Taxas e outros ingresos	3.198.650,00 €
4	Transferencias correntes	1.547.890,00 €	4	Transferencias correntes	14.378.205,00 €
5	Fondo de Continxencia	350.000,00 €	5	Ingresos patrimoniais	689.500,00 €
Total gastos correntes		30.468.895,00 €	Total ingresos correntes		32.793.355,00 €
6	Investimentos reais	17.276.790,00 €	6	Alleamento de investimentos reais	1.954.166,14 €
7	Transferencias capital	30.000,00 €	7	Transferencias de capital	1.564.145,24 €
Total gastos de capital		17.306.790,00 €	Total ingresos de capital		3.518.311,38 €
Total gastos non financeiros		47.775.685,00 €	Total ingresos non financeiros		36.311.666,38 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	8	Activos financeiros	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	38.315,00 €	9	Pasivos financeiros	11.502.333,62 €
Total gastos non financeiros		74.315,00 €	Total operacións de capital		11.538.333,62 €
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		47.850.000,00 €	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		47.850.000,00 €

Quinto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, resumido por Capítulos, o orzamento xeral, segundo o que establece o artigo 169.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en concordancia co artigo 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

Sexto.- Proceder á remisión do Orzamento Xeral do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2025 ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas así como ao órgano competente da Xunta de Galicia de acordo co previsto no apartado 4 do artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Octavo.- Conceder o outorgamento de recursos contra o presente acordo que en dereito proceda.”





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 5.- Aprobación, se procede, do recoñecemento extraxudicial de crédito do contrato “Subministración de enerxía eléctrica en baixa e media tensión do Concello de Oleiros” no período comprendido entre o remate do contrato actual e a adxudicación do novo

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que este asunto expúxose pola secretaria con motivo da comisión informativa, é complicado de explicar aínda que vai tratar de expoñelo coa maior brevidade posible.

O concello contratou a ENDESA ENERGÍA subministración de enerxía en baixa e media tensión do concello para o período 2021-2023, formalizouse en agosto de 2021 polo que este contrato e a súa prórroga rematou en novembro de 2023. Con data 19 de outubro de 2023 a enxeñeira municipal asinou informe proposta de prórroga do nomeado contrato ata xaneiro de 2024, dada a imposibilidade de contratación dun novo servizo de subministración de enerxía eléctrica e que estea en vigor á data do remate do actual, facéndose necesaria unha prórroga para o mantemento obrigatorio do servizo municipal esencial de subministración de enerxía eléctrica durante o período de licitación e formalización do novo contrato.

Con data de outubro de 2023 notificouse á empresa a intención de continuar coa prestación da subministración en tanto o novo contrato que se está a licitar non estea formalizado. Ó mesmo tempo, a secretaria municipal emitiu informe xurídico a respecto deste concello para avaliar a posibilidade ou non dunha posible prórroga e no que sinala que a prórroga forzosa do contrato non procede por non se cumprir os requisitos da normativa sobre contratación pública, pasando a realizarse a subministración pola comercializadora de referencia pertencente ó grupo da empresa distribuidora destes puntos de subministración, en aplicación dunha norma que cambiou de xeito recente, polo que se establece a metodoloxía de cálculos dos prezos corresponderá a ENDESA o aboamento das subministracións que se realicen ata a data de remate do vixente contrato e á comercializadora de referencia a partires dese intre.

En consecuencia, o servizo de subministración de enerxía eléctrica entre o 10 de novembro de 2023 e o 9 de febreiro de 2024 pasou a prestarse pola entidade GAS&POWER SA; polo asesor enerxético do concello con data de 12 de novembro de 2024 emitiuse informe sobre a enerxía eléctrica consumida e prevista durante o período comprendido entre o remate do contrato de subministración e a adxudicación do novo contrato prestado por GAS&POWER SA por un importe de 477.948,08 €, polo que se propón a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nos importes, autorizando e dispoñendo os importes que a continuación se sinalan para as partidas e os importes do expediente de gasto por un importe de 477.948,08 €.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o voto a favor do seu grupo dado que o servizo non pode deixarse de prestar por unha banda e pola outra, estase a aplicar a lei aprobada en abril de 2023, pero tamén é certo que non entenden que non se faga unha licitación en tempo e forma por moi complicada que sexa, nin tan sequera unha prórroga do servizo como é este caso.





CONCELLO DE
OLEIROS

Todo isto que conleva ter que facer fronte a un gasto superior ó que se estaba a soportar, o que repercute de xeito negativo ó concello e, por extensión, á veciñanza oleirense.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que de novo achegan un expediente que é unha eiva na xestión e que trae consecuencias negativas á veciñanza de Oleiros, nesta ocasión non se enteraron de que lles remataba o contrato da subministración eléctrica, por certo e aproveita, descoñece se non sabe o alcalde que rematou o prazo para o concello para recorrer a sentenza que deu a razón á veciñanza de Mera que denunciaron ó concello por terlles aplicado unhas contribucións especiais abusivas e o alcalde aseguroulles neste mesmo pleno que iso estaba recorrido, por non é certo e a pregunta é a cantos máis se lles aplicaron contribucións abusivas e, sobre todo, canto vai custar ó concello este chanchullo, como gastos xudiciais, intereses de demora, etc.

Presume o goberno municipal de boa xestión, pero a realidade é que van de erro en erro e de lío en lío, poden entender que poida pasar unha vez e se lles pase algún prazo, pero é que en Oleiros teñen que recoñecer que acontece con moita frecuencia, ademais pode entender que poidan pasar eses erros, eses esquecementos, con cousas extraordinarias ou pouco frecuentes, pero o caso que se está a tratar é da subministración da enerxía eléctrica.

Cando xa rematara o contrato, nin se percataran, nin se iniciaran os tramites para unha nova contratación danse conta que non o poden renovar durante o tempo que necesitan ata solucionar o erro ó existir unha lei que o impide, pero é que esta lei que impide prorrogar o contrato leva vixente desde o ano 2014 e este erro remata por repercutir na veciñanza pagando a subministración de enerxía máis cara e están a falar, segundo remata de dicir a voceira do goberno municipal, de case 500.000 € e como para saír do lío tiveron que utilizar un procedemento irregular omitindo a fiscalización da intervención municipal ese contrato terá que ir ó Tribunal de Contas, instancia que a pesares do que se lles informou na comisión informativa, si pode sancionar e todo isto con 13 concelleiros e concelleiras e 7 asesores, a verdade é de premio.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que por responsabilidade política para manter o contrato de subministración de enerxía en baixa e media tensión, van votar a favor aínda as cuestións postas de manifesto tanto polo goberno municipal coma polos demais grupos da oposición en canto ó remate do contrato e a xestión dunha posible prórroga que non se puido levar a efecto por non darse os requisitos establecidos na normativa de contratación pública e a consecuente falla de fiscalización por non existir cobertura contractual acreditada pola intervención e secretaría municipal.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a voceira do grupo municipal “Socialista” está obsesionada con este concello, non sabe que tipo de experiencias debeu pasar durante a súa carreira política, tanto a nivel autonómico coa local, ademais empregando unha linguaxe agresiva como “falcatuadas”, “chanchullos”, etc. para logo queixarse de que se lle responda con firmeza por parte dos demais. Insiste en que non sabe que tipo de experiencias debeu pasar pero aquí, en Oleiros, os expedientes os tramita o persoal funcionario que por certo, son excelentes profesionais, e está sempre tratando de desprestixialos e como ben dixo o voceiro do BNG a luz págase segundo a tarifa oficial.





CONCELLO DE
OLEIROS

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 25 de novembro de 2024, acadándose o resultado de **dezaioito (18) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; cinco (05) do grupo municipal "Popular e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Por Decreto da Alcaldía nº 2021003755 de 2 de agosto adxudícase a "ENDESA ENERGÍA, S.A.U.", o contrato de SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA EN BAIXA E MEDIA TENSIÓN DO CONCELLO DE OLEIROS 2021-2023.

Dito contrato formalizouse en data 26/08/2021, sendo a data de entrada en vigor o 10/11/2021. En consecuencia o contrato e a súa prórroga rematan o 09/11/2023.

Que con data 19 de outubro de 2023 a enxeñeira municipal, Isabel Mª Freire Ramos asina informe-proposta de prórroga do actual contrato de "Subministro de enerxía eléctrica en baixa e media tensión do Concello de Oleiros, 2021 – 2023" ata o mes de xaneiro do 2024, *"Dada a imposibilidade da contratación dun novo servizo de subministro de enerxía eléctrica e que estea en vigor á data da finalización do actual contrato, faise necesaria a prórroga deste, para o mantemento obrigatorio do servizo municipal esencial do subministro de enerxía eléctrica durante o período de licitación e formalización do novo contrato de subministro."*

Con data 31 de outubro de 2023 notificouse á empresa a intención de continuar coa prestación do subministro en tanto o novo contrato que se está a licitar non estea formalizado.

Con data 30 de outubro de 2023, ENDESA ENERGÍA, S.A.U presenta por rexistro de entrada (nº 2023019903) no que solicita:

En virtud de lo anteriormente expuesto, se **SOLICITA:**

1. Se proceda a convocar con carácter urgente una licitación para la adjudicación en público procedimiento del contrato de suministro eléctrico del Excmo. Ayuntamiento de Oleiros.
2. Se reconozca el Derecho de ENDESA ENERGIA al abono de los suministros que hasta la fecha en que se realice el suministro con cargo al contrato administrativo formalizado.
3. Tenga por realizada la comunicación formulada en el Expositivo Sexto, con carácter previo al traspaso de los puntos de suministro titularidad que no cuenten con el correspondiente contrato administrativo llegado el próximo día 9 de noviembre de 2023.

A Secretaría Accidental emitiu informe xurídico ao expediente **2021/EGOBR/0000039; OBXECTO: PRÓRROGA DO CONTRATATO "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA EN BAIXA E MEDIA TENSIÓN DO CONCELLO DE OLEIROS 2021-2023"**, para avaliar a posibilidade ou non dunha posible prórroga do contrato de subministro no que se conclúe o que se transcribe a continuación:

"A prórroga forzosa do contrato denominado "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA EN BAIXA E MEDIA TENSIÓN DO CONCELLO DE OLEIROS 2021-2023" non procede por non cumprirse os requisitos da normativa sobre contratación pública para acordar a mesma, pasando a realizarse o subministro pola Comercializadora de Referencia pertencente ao Grupo da Empresa distribuidora deses puntos de subministro, en aplicación do artigo 4 do Real Decreto 216/2014, de 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación. Corresponderá a Endesa S.A.U.





CONCELLO DE
OLEIROS

o abono dos subministros que realice ata a fecha de finalización do vixente contrato e á Comercializadora de Referencia a partir dese momento. Será necesario a emisión de informe de fiscalización por parte dos servizos económicos do Concello.

En canto ao escrito presentado por Endesa (nº 2023019903, procede:

Estimar as súas solicitudes segunda e terceira. En canto a primeira indicar que o Concello xa ten en licitación o expediente de subministro de enerxía eléctrica.”

En consecuencia o servizo de subministro de enerxía eléctrica entre o 10 de novembro de 2023 e 9 de febreiro de 2024 (data na que se formalizou o contrato denominado “Subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo do Concello de Oleiros 2024”) pasou a prestarse pola entidade GAS & POWER, S.A.

Polo asesor enerxético do Concello, con data 12/11/2024 emítese informe sobre a enerxía eléctrica consumida e prevista durante o período comprendido entre o vencemento do contrato de subministración e a adxudicación do novo contrato, prestado por GAS & POWER, S.A., por importe de 477.948,08 € (doc.5). Incorpórase relación de 1026 facturas por importe de 460.727,95 € (documento 1). Coa seguinte explicación:

“Se redacta el presente documento para informar sobre la conformidad de la facturación de energía eléctrica emitida al Concello de Oleiros por la empresa COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. con CIF A65067332 durante el período sin contrato de suministro de energía eléctrica comprendido entre la finalización del contrato con ENDESA ENERGÍA S.A.U en noviembre de 2023 y la formalización del contrato con GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. en febrero de 2024:

El suministro de energía durante este período ha sido prestado por el comercializador de referencia COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A., que es el correspondiente al grupo empresarial de la zona de distribución en la que se encuentran los suministros municipales del Concello de Oleiros – UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A – GRUPO NATURGY - Teniendo en cuenta que durante este período temporal el Concello de Oleiros no disponía de contrato en vigor con comercializador de energía y según lo dispuesto en el artículo 4.1, apartado d) del “Real Decreto 216/2014, de 28 de marzo, por el que se establece la metodología de cálculo de los precios voluntarios para el pequeño consumidor de energía eléctrica y su régimen jurídico de contratación”:

Artículo 4. Suministros de los comercializadores de referencia.

1. De conformidad con lo dispuesto en la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, los comercializadores de referencia deberán atender las solicitudes de suministro de energía eléctrica y formalizar los correspondientes contratos con los consumidores siguientes:

d) Los que transitoriamente carecen de contrato en vigor con un comercializador libre.

EMISOR DE LAS FACTURAS	CIF	IMPORTE TOTAL DE LAS FACTURAS (€)	AGRUPADOR	EVALUACIÓN DE LAS FACTURAS
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A	A65067332	141.456,53 €	Admin. Xeral. Enerxía eléctrica	FACTURAS CONFORMES

Emítese por parte do Interventor Municipal o 13/11/2024, do tenor literal seguinte:

“INFORME SOBRE OMISIÓN DA FISCALIZACIÓN PREVIA NO EXPEDEINTE INDICADO.

Antecedentes.

I. Polo asesor enerxético do Concello emítese informe sobre a enerxía eléctrica consumida e prevista durante o período comprendido entre o vencemento do contrato de subministración e a adxudicación do novo contrato, prestado por GAS & POWER, S.A., por importe de 477.948,08 € (doc.5).

Incorpórase relación de 1026 facturas por importe de 460.727,95 € (documento 1).

Consta informe de secretaría no que informa sobre a imposibilidade de prórroga do contrato anterior (doc. 4), do que se deduce que estes consumos se realizan sen cobertura contractual, de aí a omisión da fiscalización.

Documentación do expediente.

Orde	Nome do arquivo orixinal	Descrición	Data de creación
------	--------------------------	------------	------------------





CONCELLO DE
OLEIROS

1	FACTURAS_COMERCIALIZADORA_GAS-POWER.xlsx	Listado facturas GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. sin contrato ni crédito	15/05/202 4 11:16
2	Decreto_prorroga_Endesa.pdf	Decreto prórroga Endesa	03/07/202 4 12:26
3	Escrito_Endesa.pdf	Escrito Endesa	03/07/202 4 12:26
4	Informe_Xuridico_prorroga.pdf	Informe xurídico prórroga	03/07/202 4 12:26
5	16_10_2024_Informe_gasto_necesario_COMERCIALIZADORA_REGULADA_signed_(1).pdf	informe de gasto 16_10_2024	17/10/202 4 0:17
6	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_gasto.pdf	Propuesta de gasto	10/09/202 4 13:54
7	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGCONTRATO_Informe Individual_Contrato.pdf	Tramitación individual de contrato menor	11/09/202 4 12:42
8 ao 17	Anulados		
9	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_gasto.pdf	Propuesta de gasto	03/07/202 4 12:33
10	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_gasto.pdf	Propuesta de gasto	03/07/202 4 12:36
11	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_gasto.pdf	Propuesta de gasto	03/07/202 4 12:40
12	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_gasto.pdf	Propuesta de gasto	10/09/202 4 13:57
13	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_gasto.pdf	Propuesta de gasto	10/09/202 4 14:01
14	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_gasto.pdf	Propuesta de gasto	10/09/202 4 14:03
15	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGCONTRATO_Informe Individual_Contrato.pdf	Tramitación individual de contrato menor	11/09/202 4 12:43
16	DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGCONTRATO_Informe Individual_Contrato.pdf	Tramitación individual de contrato menor	11/09/202 4 12:44





CONCELLO DE
OLEIROS

17	<i>DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGCONTRATO_Informe _Individual_Contrato.pdf</i>	<i>Tramitación individual de contrato menor</i>	<i>11/09/202 4 12:45</i>
18	<i>DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_g asto.pdf</i>	<i>Propuesta de gasto</i>	<i>17/10/202 4 8:49</i>
19	<i>DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_g asto.pdf</i>	<i>Propuesta de gasto</i>	<i>17/10/202 4 8:51</i>
20	<i>DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGPG_Propuesta_de_g asto.pdf</i>	<i>Propuesta de gasto</i>	<i>17/10/202 4 8:55</i>
21	<i>DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGCONTRATO_Informe _Individual _Contrato.pdf</i>	<i>Tramitación individual de contrato menor</i>	<i>17/10/202 4 9:07</i>
22	<i>DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGCONTRATO_Informe _Individual _Contrato.pdf</i>	<i>Tramitación individual de contrato menor</i>	<i>17/10/202 4 9:13</i>
23	<i>DOC_EXP_2023_EGOBR_000076_EGCONTRATO_Informe _Individual _Contrato.pdf</i>	<i>Tramitación individual de contrato menor</i>	<i>17/10/202 4 9:17</i>
24	<i>Oficio_solicitando_titularidade_conta_bancaria 2024.pdf</i>	<i>oficio solicitando certificado titularidade conta bancaria</i>	<i>25/10/202 4 10:56</i>

II. Como continuación do requirimento de información (documento 25) sobre o expediente 2023/EGOBR/00076, no que omitiuse a fiscalización previa, emítese o informe solicitado e anexo nos documentos 26 e 27, o que permite emitir o seguinte:

Informe de omisión de fiscalización.

En aplicación do artigo 28 do RD 424/2017, emítese o seguinte informe.

a) Descrición detallada do gasto: Subministración de enerxía eléctrica sen contrato, xa que terminou o 9/11/2023 ata o novo contrato formalizado o 7/02/2024 (expednte2023/CONTRAT/000140).

- Órgano xestor: Obras públicas e medio ambiente
- Obxecto do gasto: Subministración de enerxía eléctrica.
- Importe: 477.948,08 €.
- Natureza xurídica do gasto: contrato de subministración.
- Data de realización: 10/11/2023 ata 07/02/2024.
- Aplicación orzamentaria: 60.920.22100. 60.160.22100. 60.161.22100. 60.165.22100
- Exercicio económico ao que se imputa o gasto: 2023 e 2024.





b) Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do órgano interventor, producíronse no momento en que se fixo a proposta de gasto sen o procedemento adecuado ou adoptou o acto administrativo, omitindo a función interventora, enunciando expresamente os preceptos legais infrinxidos.

Omítese a fiscalización previa ao acordo de contratación, incumprindo os artigos 214.2

a) do RD Lexislativo 2/2004, 7.1.a) e 16 do RD 424/2017.

Incúmprese a obriga de tramitar o contrato de subministración eléctrica, de xeito que omítese a publicidade e concorrência prevista con carácter xeral na Lei 9/2017 de contratos do sector público, con infracción dos seus artigos 116 e concordantes.

c) Constatación de que o prezo proposto axústase ao prezo de mercado, en conta as valoracións e os xustificantes aportados polo responsable do contrato.

Infórmase que “a subministración de enerxía eléctrica realizada axústase a prezos de mercado. En particular a compañía subministradora é COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. que é unha comercializadora regulada que factura a enerxía eléctrica segundo a metodoloxía disposta no “Real Decreto 216/2014, de 28 de marzo, por el que se establece la metodología de cálculo de los precios voluntarios para el pequeño consumidor de energía eléctrica y su régimen jurídico de contratación”.

d) Comprobación que existe crédito presupostario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Aplicación	RC nº	Importe €
60.920.22100. Admin. Xeral. Enerxía eléctrica	202400036869	143.000,00
60.160.22100 Sumidoiros. Enerxía eléctrica bombeos	202400036865	111.000,00
60.161.22100. Abastec.e distrib.de auga. Enerxía eléctrica	202400036863	8.948,08
60.165.22100. A.X.M.Amb. Serv.municip. En. electr.	202400036864	215.000,00
Total		477.948,08

b) Determinación da posibilidade e conveniencia da revisión do acto ditado con infracción do ordenamento xurídico, de continuar o procedemento con infracción da norma de contratación ou de non continuar coa proposta, procedendo a incoar a contratación polo procedemento aberto ou negociado.

Polo exposto, non é conveniente finalizar o procedemento e iniciar a revisión do acto, se non que procede continuar o procedemento e que polo pleno, a proposta de alcaldía, se acorde aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito correspondente as facturas detalladas no expediente por importe de 477.948,08 €.

CONCLUSIÓN

Únase este informe ás actuacións realizadas aos efectos de que pola unidade xestora do gasto se propoña ao alcalde se decide continuar o procedemento e propoñer ao pleno a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito ou, polo contrario, finalizar o procedemento e iniciar a revisión de oficio do acto.

Unha vez realizadas a proposta, debe someterase o expediente á preceptiva fiscalización.

Se a proposta é continuar o procedemento, e previa a fiscalización indicada, darase traslado á próxima comisión informativa e a secretaría para a súa inclusión na orde do día do pleno para o recoñecemento extraxudicial do crédito por importe de 477.948,08 €..

En Oleiros, na data da asina electrónica, polo interventor”

Xa que logo, no uso das facultades delegadas polo Pleno da Corporación procede que adopte o acordo seguinte:





CONCELLO DE
OLEIROS

PRIMEIRO.- Propoñer ao pleno a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito nos importes, autorizando e dispoñendo os importes que a continuación se sinalan para as partidas e os importes do expediente de gasto **2023/EGOBR/000076:**

Aplicación	RC nº	Importe €
60.920.22100. Admin. Xeral. Enerxía eléctrica	202400036869	143.000,00
60.160.22100 Sumidoiros. Enerxía eléctrica bombeos	202400036865	111.000,00
60.161.22100. Abastec.e distrib.de auga. Enerxía eléctrica	202400036863	8.948,08
60.165.22100. A.X.M.Amb. Serv.municip. En. electr.	202400036864	215.000,00
Total		477.948,08

SEGUNDO.- Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos."

Punto 6.- Adopción de acordo de adhesión á central de contratación da FEGAMP a fin de contratar os servizos postais e telegráficos contratados pola mesma

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que se recibiu na alcaldía unha comunicación da Federación Galega de Municipios e Provincias-FEGAMP, na que se comunica que a finais deste 2024 remata o convenio subscrito coa Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, do que se está a beneficiar por estar adherido ó mesmo e que non se pode prorrogar.

En vista disto, a FEGAMP acordou a creación dunha central de contratación como servizo especializado para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da propia FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, manifestando este concello o seu interese nesta contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e a intención de formalizar a súa adhesión á mesma, de aí que se presente esta proposta e facultando ó alcalde para materializar este acordo.

Intervén a voceira do grupo "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o seu voto a favor dado que deste xeito segundo entenderon na comisión informativa o servizo postal e telegráfico sairalle máis económico ó concello.

Intervén o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, manifestando que antes de anunciar o seu sentido de voto para este asunto, quere matizar algunha cuestión.

Remátase de ver como o alcalde de Oleiros, Sr. García, non foi quen de estar atento ó remate do contrato de subministración eléctrica e ó final ten que achegar un asunto a este pleno de recoñecemento extraxudicial de varias





CONCELLO DE OLEIROS

facturas por esta subministración e debido á advertencia da secretaria municipal de que non se podía seguir co contrato así.

Cando tocaba atender á licitación dun contrato tan importante, hai un ano, o alcalde estaba ocupado en dirixir unha carta a tódolos alcaldes e alcaidesas independentes de Galicia convidándolles a estudar posturas conxuntas ante unha asemblea da FEGAMP que se ía celebrar no mes de novembro en Santiago de Compostela, xusto hai un ano, no que manifestaba que nunca se tivo en conta ás alcaldías independentes marxinando a súa representación, son 29 alcaldías de concellos independentes que ven como os seus intereses, así como os das súas veciñanzas, non están representados nos ditames e acordos da FEGAMP, era o que dicía nesa carta, xustiza poética.

Mentres tanto pode observarse como na FEGAMP fan o seu traballo de xeito debido, preparan con tempo o remate de acordos e contratos, comunicándolle ós concellos con antelación a posibilidade de mellorar a súa xestión, aforrando cartos, igual é mellor en vez de andar pontificando todo o día noutras latitudes, deixar de ocuparse tanto en cousas que só lle interesa á Alternativa dos Veciños e centrarse nos intereses da veciñanza de Oleiros, porque é de quen cobra e ademais bastante. Para rematar, como se trata dun asunto que é bo para a o concello e para a súa veciñanza van votar a favor.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que este asunto non é máis que unha renovación do servizo coa entidade CORREOS do Estado, empresa que aínda non se vendeu, será que non é unha empresa moi rendible, e que se fai a través da FEGAMP para contratar de xeito conxunto este servizo e por outra banda tamén, darlle estabilidade ós e ás traballadoras desta empresa, non contratando este servizo con outras empresas do sector.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 25 de novembro de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes ,é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; cinco (05) do grupo municipal "Popular; dous (02) do grupo municipal "Socialista" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Recibida na alcaldía comunicación da FEGAMP, na que se dá traslado de que o vindeiro 31 de decembro de 2024 remata o convenio subscrito entre esta entidade coa Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, do que se está a beneficiar este concello debido a súa adhesión ao mesmo; convenio que non se pode prorrogar.

Produto desta circunstancia, a FEGAMP acordou na súa comisión executiva de 21 de maio deste ano, crear unha Central de Contratación como un servizo especializado para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da mesma e das súas entidades asociadas, así como organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ó abeiro do arts. 227 e 228 de Lei de Contratos do Sector Público.

Este concello manifestou o seu interese nesta contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e

a súa intención de formalizar a súa adhesión á Central de Contratación creada pola propia FEGAMP e en virtude disto, propónse adoptar o acordo conducente a materializar a mesma e que se concreta en:





CONCELLO DE
OLEIROS

Primeiro.- Acordar a adhesión á Central de Contratación creada pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) que forma parte do expediente.

Segundo.- Facultar ó alcalde para a sinatura do nomeado acordo de adhesión e de cantas xestións sexan necesarias para materializar este acordo.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á FEGAMP.”

Punto 7.- Dar conta do informe de control financeiro definitivo á Oferta de Emprego Público para 2024

Tódalas concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do informe de control financeiro emitido polo interventor municipal respecto da Oferta de Emprego Público para 2024, de 21 de novembro de 2024 .

Punto 8.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 3º trimestre de 2024

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 3º trimestre de 2024.

Punto 9.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 3º trimestre de 2024

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 3º trimestre de 2024.

Punto 10.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024005479 ata o 2024006100

Tódalas concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024005479 ata o nº 2024006100, ambos incluídos.

Punto 11.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Expón o alcalde D. **Ángel García**, que solo hai unha moción presentada polo BNG dado que existen dous escritos presentados como mocións polo PSOE, pero segundo o informe emitido pola secretaria municipal que é moi longo pero no que no remate do mesmo sinala que ó obxecto da solicitude do nomeado informe, considera que as mocións en cuestión deben ser encadradas como rogo e estes de acordo co sinalado no art. 46.2 da Lei de Bases do Réxime





CONCELLO DE
OLEIROS

Local e en relación ós arts. 97 e 82.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento das entidades Locais, é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno municipal por parte dos concelleiros ou dos grupos políticos. Co rogo trátase de expoñer algunha cuestión, coa fin de que sexa tomada en consideración polo goberno municipal e se proceda a atendela polo servizo municipal correspondente como rogo.

Do contido da petición obsérvase que se trata de peticións que teñen que ver coa actuación do goberno municipal, do alcalde ou das concellerías delegadas; esta competencia non é propia do pleno da corporación senón que de acordo cos mesmos textos legais, dirixir o goberno e a administración municipal, competencia non delegable, inspeccionar e impulsar os servizos e as obras municipais, competencia que se residencia n alcaldía ,e no caso do impulso dos procedementos administrativos, está delegado nas correspondentes concellerías, polo tanto, considera que o asunto consultado debería incluírse como un rogo e isto é o que informa a secretaria da corporación, aquí presente.

Neste intre e dito isto, procede a dar a palabra ó voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG para que expoña a moción presentada.

11.1.- Moción do grupo municipal “Popular” relativa á situación do idioma propio de Galicia e á adopción de medidas para a súa normalización

Da orde do alcalde procede a dar lectura ó texto da moción presentada D. Iván Roca, voceiro do grupo “Mixto”-BNG, que se transcribe no acordo adoptado.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que as normas ás que fai alusión o voceiro do BNG nesta moción, como a Lei de Normalización Lingüística e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, foron aprobadas por gobernos do Partido Popular, ámbalas dúas por unanimidade, aínda que o BNG non apoiou ata o último intre o Plan Xeral, que agora toma como referencia.

Todas as formacións políticas con representación no Parlamento Galego están a traballar un pacto pola lingua, pacto para acadar os consensos necesarios para o galego e esta moción só propón enlamar. O modelo do Partido Popular é claro, bilingüismo cordial sen imposicións, a enquisa realizada polo Instituto Galego sobre o uso da lingua galega amosa que continua a ter unha presenza social moi relevante, sendo a lingua co oficial maioritaria no territorio, aparte de datos, o galego é o idioma cos niveis de competencia máis elevados de todas as comunidades autónomas con lingua co oficial, o aumento de castelán falantes recollido neses datos e na enquisa á que antes aludiu está directamente influenciado pola chegada de novos galegos inmigrantes que proceden doutros países e non teñen coñecemento do noso idioma.

O número de persoas non nadas en Galicia, medrou en 115.000 nos derradeiros 5 anos, sendo conscientes desta realidade, ofrécese máis de 100 cursos destinados a este colectivo de persoas. En Galicia a lingua non é un problema, nin debe selo, a Xunta de Galicia é a administración máis comprometida coa preservación deste o noso tesouro, son os primeiros en propoñer un pacto pola lingua que permita prestixiar o seu uso.





CONCELLO DE
OLEIROS

Percibiuse unha actitude positiva e colaborativa, presentáronse unhas propostas centradas en cinco puntos; renovación do Plan Xeral de Normalización Lingüística, coa creación de comisións de traballo antes de remate do ano; poñer en marcha 50 medidas inmediatas para impulsar o neofalantismo é dicir, que os falantes novos chegados a Galicia falen en galego; tamén o uso do galego no eido dixital; iniciar unha senda de crecemento do financiamento de políticas de impulso da lingua e situar a RTVG como catalizadora da lingua, favorecendo produtos audiovisuais en galego, ademais de fomentar o uso da lingua galega na publicidade. Tamén, as recomendacións a Galicia da carta europea de linguas minoritarias como folla de ruta.

O Partido Popular anima e fomenta ós concellos a formar parte do pacto pola lingua galega, que debe ser un elemento de unión e non de confrontación; un elemento de unión entre todos os galegos de podernos entender, porque a lingua é precisamente para iso, para o entendemento, non se fai unha política construtiva si se fai todo isto, debería facerse sumando forzas para defender entre todos a lingua que é ademais, o noso patrimonio cultural.

Están de acordo en que a nosa lingua é o noso sinal de identidade e débese defendela, pero non poden estar de acordo con esta moción ó manipularse e mentirse sobre algunhas das políticas levadas a cabo pola Xunta de Galicia, que sempre defendeu o noso idioma, por certo, nas escolas infantís por motivos pedagóxicos, débese iniciar o ensino da lectoescritura na lingua materna dos nenos e a lingua materna dependerá nun ou noutro lugar, da súa contorna, así no medio rural a lingua galega é a maioritaria e no noso territorio non se prohíbe a lingua galega, como si se fai noutras comunidades coa lingua castelá, situación á que non queren chegar dado que defensa do galego non impide a convivencia con outras linguas.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que falando de temas municipais cun amigo, parece mentira que un concello como Oleiros perdera un 32% de auga pola rede de abastecemento e pode entender que non quera que se debata esa moción...

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, córtalle a palabra ó concelleiro do grupo “Socialista” advertíndolle que debe ceñirse á moción que se está a debater e non vai falar do que lle pete e que nada ten que ver.

Segue coa súa intervención ó concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, reafirmando a preocupación do seu grupo co BNG a respecto da lingua galega e engade que a variación do marco xurídico de consenso foi perturbado na primeira época do Sr. Feijoo polo Decreto 79/2010, o chamado Decreto plurilingüismo, que é un dos factores a xuízo do seu grupo máis importantes e desencadeantes do intre de debilidade do galego na actualidade.

O PSdeG como organización, protestou ante ese Decretro e él persoalmente estivo na rúa, tamén publicou artigos explicando o por qué, baixo o seu punto de vista, pero acatouno como non pode ser doutro xeito. Desde ese ano 2010, sempre como docente, cumpriu ese Decreto e o fixo cumprir, porque é o que está vixente e por suposto, segue a traballar para cambialo e é acaído hoxe lembrar as verbas de Torcuato Fernández Miranda cando dixo aquilo “de la ley a la ley, a través de la ley” nos tempos do 1977, anos da lei de reforma política, acatar a lei e traballar para cambiala cada un ten as súas teimas e a dos socialistas é esa, respectala e traballar para mudala en beneficio da sociedade. Isto





CONCELLO DE
OLEIROS

ven a conto porque existe unha constitución do ano 1978 e tamén un Estatuto de Autonomía do ano 1981, que non os votou por idade, que establecen competencias e distribución de papeis entre o Estado e as Comunidades Autónomas e os marcos legais e outros aspectos dentro dos que están a denominación de Galicia, do Parlamento e do goberno de Galicia, máis aló de debates filolóxicos entre Galicia e Galiza e a lei sinala unha denominación que hai que respectar, porque se deste pleno sae un escrito dirixido á Xunta de Galiza ou ó Parlamento de Galiza, se cadra ven de volta porque non se atopan os destinatarios.

Dito isto, coinciden no fondo pero insiste en que hai que respectar a lei, as que gustan e as que non e anuncian o voto afirmativo axustándose ó marco normativa vixente e cre lembrar tamén que, respecto da lingua materna, ós dous anos de se aprobar o nomeado Decreto de plurilingüismo, houbo unha sentenza no ano 2012 que sinalaba que non cabía dúbida que a potestade de ensinanza ten lugar cando o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, é dicir, a administración con este Decreto abdicaba da súa responsabilidade de determinar quen ten que ser o responsable da elección do idioma e o derivaba nesa falsa liberdade de que os pais realicen a escolla e se lle deixamon eilixir a eles, escollerán que haxa menos matemáticas, física ou outras materias que ninguén se atrevería a poñer en cuestión e insiste ós compañeiros do BNG, concordando co fondo e a preocupación da situación da lingua, cren que hai que respectar as normas, as que gustan e as que non, a normalización lingüística hai que respectar as normas e o marco xurídico da defensa das linguas que se fan en espazos internacionais, pero tamén aquí.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, para anunciar o voto afirmativo do seu grupo ó estar de acordo coa moción presentada e non sabe se quere responder o propoñente ás intervencións.

D. **Iván Roca**, voceiro do grupo “Mixto”-BNG, sinala que o uso do galego nos diferentes espazos sociais é cada vez menor e hai que sortear moitos obstáculos para que por exemplo na administración se dirixan a ti na lingua que ti elixes e fala tamén desde a súa experiencia propia como funcionario do Estado en Galicia e desgraciadamente as cousas non se conseguen ás veces con harmonía, sempre que exista unha discriminación hai que actuar e coller o touro polos cornos facendo unha discriminación positiva e ser respectuosos coas dúas linguas, seguro que unha parte importante de votantes do BNG son monolingües en español, de feito, el mantén moitas relacións con persoas que se desenvolven falando español, pero respectan a lingua galega saben que é a súa e mesmo tamén recoñecen que é unha anomalía non saber expresarse na nosa lingua.

Onte tivo unha experiencia similar porque coincidiu cuns rapaces xóvenes nos vestiarios dunha piscina e cando se relacionou con eles preguntáronlle se era galego, isto pasa todos os días e á Xunta de Galicia non lle importa e é increíble dicilo pero ás veces bótase de menos nestes temas a persoas como Fraga ou Cuiña porque os de hoxe, tanto Rueda como Feijoo mellor non falar.





CONCELLO DE OLEIROS

Antes de pasar á votación da moción presentada o alcalde, D. **Ángel García**, sinala que está de acordo co que remata de dicir o voceiro do BNG, porque Fraga foi un defensor da lingua galega e impuxo no seu mandato que todas as comunicacións e relacións coas consellerías fixéranse en galego.

Por unha cuestión de orde solicita a palabra e intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, para solicitar que se use o termo Galicia en vez de Galiza, só por respecto ás leis, ó que lle contesta o voceiro do BNG, D. **Iván Roca**, propoñente da moción salientando que cre que están autorizados os dous termos.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG; doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”) e **cinco (05) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *aprobar a moción* presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de *emerxencia*, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínte aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden enténdelo, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego.

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas. O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galegos e galegas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.
2. O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.
3. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.”





CONCELLO DE
OLEIROS

*** rogos e preguntas**

11.2.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre alumeado de pasos de peóns existentes

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez-Bálgoma**, sinalando:

“Rogan que se iluminen de xeito convinte varios pasos de peóns do concello, entre eles o da Avda. Francisca Herrera á altura da rotonda existente nas Pedreiras, hai unha zona totalmente a obscuras que resulta moi perigosa para os peóns e condutores xa que a visibilidade é practicamente nula.”

11.3.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre mellora do alumeado e outros servizos no Campo de Fútbol de Montrove

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“No Campo de Fútbol de Montrove, os usuarios manifestan a berros a necesidade de mellora do alumeado e outros servizos, como por exemplo os vestiarios que de cando en vez hai auga quente.”

11.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre presenza da Policía Local nos IES do municipio

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Solicitan reforzo da seguridade e presenza da Policía Local nas entradas e saídas dos IES municipais para evitar conflitos e mellorar a convivencia e benestar dos alumnos dos mesmos, xa saben que existen axentes vixiando os pasos de peóns para manter unha mellor seguridade varia e circulatoria, pero que se reforce para vixiar as entradas e saídas dos centros.”

11.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxos varios en Sta. Cruz

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Solicitan tamén que agora que se procedeu ó desbroce duna gran espazo en Sta., Cruz, se proceda a adecentar o camiño que discorre entre o río e o peche perimetral do patio do colexio, así como a instalación dunha ponte na zona onde este camiño chega a Sta. Cruz, o que podería supoñer unha solución ás sucesivas inundacións e embarrado desa zona facéndoo intransitable que, por outra banda, é moi utilizado pola veciñanza de Sta. Cruz.”

11.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre retirada de pólas das árbores soltas polas rúas e camiños municipais

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez-Bálgoma**, sinalando:

“Solicitan tamén que se proceda á retirada daquelas pólas que quedaron soltas, despois dos últimos temporais de vento, coa fin de evitar caídas e posibles incidentes. Reiteran a revisión do arborado en xeral, como veñen pedindo en innumerables ocasións.”

11.7.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa nova avaría na tubaxe da rede na zona da Pezoca

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Na zona da Pezoca, na Avda. Francisca Herrera, a carón da rotonda das Olas, produciuse hai pouco unha nova avaría nas tubaxes que, por outra banda, son novas ó se instalar hai un ano ou dous como moito ¿Cal é o problema?.”

11.8.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa á viaxe a Cuba do alcalde e do concelleiro de obras públicas

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“Recentemente o alcalde, acompañado do concelleiro de obras públicas, viaxou a Cuba no que imaxinan tratouse dunha viaxe institucional, de ser así ¿Quen asume o custo da viaxe?; ¿A canto ascende o mesmo? E ¿Cal foi realmente o obxectivo do mesmo e a súa repercusión para Oleiros?.”





CONCELLO DE
OLEIROS

11.9.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa á emisión de informe técnico para aprobación das taxas e impostos municipais

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“No pasado pleno advertiron da falla do informe económico nas taxas tal e como exige a lei e se lles contestou que os informes atópanse no expediente e que non os viran. Solicitaron acceso á documentación atopándose que eses informes realmente non existen, no caso dunha da taxa relacionado coa ORA hai algo similar ó que podería ser un informe ¿Por que non se engaden nas modificacións das taxas estes informes, tal e como exige a Lei?”

11.10.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa ó remate das obras en Sta. Cristina

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“¿Cando está previsto o remate da obra de Sta. Cristina e cales son os motivos que ocasionaron a súa demora? Nesta última semán, as obras cortaron a subministración de auga por avaría deixando ós comercios e locais de hostalería sen servizo por máis de dúas horas. Cando sucede isto ¿Que medidas se toman?; ¿Quen recolle ou tramita as reclamacións da veciñanza e como se xestionan?”

11.11.- Pregunta do grupo municipal “Popular” relativa a AQUAOLEIROS e o recurso interposto contra EMALCSA polo pago do prezo da auga

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“Actualmente o concello segue gastando cartos recorrendo contra EMALCSA, cousa que parece que non ten moito recorrido; EMALCSA presenta alegacións ós orzamentos municipais pola débeda que o concello mantén coa mesa por 3 millóns de euros, que o concello vai repercutir á veciñanza o custo do IVE na súa factura. Móntase unha empresa de augas sen coñecer como vai a facturación, en consecuencia, cren que se puxo o carro antes que os bois ¿Como pensan solucionar esta chapuza ou enredo que se liou?”

11.12.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre o 25-N día internacional contra a violencia machista

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O 25 de novembro conmemorouse un ano máis o día da loita contra a violencia machista, de aí que o seu grupo hoxe quere presentar os cinco rogos e unha pregunta a tratar de estimular e potenciar o compromiso do noso concello a loita contra todas as expresións da violencia machista. Como escoitaron antes dicir ós nenos do CEIP da Rabadeira, neste ano 42 mulleres foron asasinadas por violencia de xénero, o que fai un total de 1.286 mulleres desde o ano 2003, ano no que empezaron a contabilizarse. En Galicia 4 foron as mulleres asasinadas vítimas da violencia de xénero, aínda hai dúas que se están a estudar, e unha media de 21 denuncias diarias. Segundo unha enquisa realizada recentemente, o 26% dos homes pensan que a violencia de xénero é unha cuestión ideolóxica e o mesmo pensa o 13% das mulleres que participaron nesa mesma enquisa. Unha maxistrada do xulgado de violencia de xénero da provincia de Pontevedra, aseguraba que nos dez anos que leva traballando nese xulgado, despois dunhas 500 denuncias investigadas tan só evidenciáronse tres falsas, 3 de 500, pero isto non está na rúa, de aí que rogan ó Concello de Oleiros que tome medidas inmediatas e eficaces para concienciar á veciñanza sobre este gravísimo problema e que deixe de xustificarse de que utiliza para iso Radio Oleiros, pois lembra que para educar en igualdade e sensibilizar sobre a violencia machista non serve unha emisora de radio onde só traballan homes.”

11.13.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre datos municipais de apoio ás vítimas de violencia de xénero

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Desde que se contabilizan as vítimas por violencia de xénero 62 menores foron asasinados polo seu proxenitor para facer dano ás súas nais, é dicir, foron vítimas por violencia vicaria dentro do que é a violencia de xénero. Este ano van xa 9 menores e 42 mulleres, pero en Oleiros séguese sen contar cun CIM, Centro de Información á Muller, algo inaudito para calquera experto ou experta que traballe nese eido, polo que rogan que informe o concello sobre cantas mulleres e menores están a recibir coidados, protección e apoio por ser vítimas de violencia de xénero en Oleiros.”





CONCELLO DE
OLEIROS

11.14.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre campaña de información á mocidade sobre pornografía

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“A través dunha proposta do seu grupo que foi aprobada de xeito unánime neste pleno, acordouse que se faría una campaña de información sobre pornografía dirixida á mocidade, incluíndo a que se transmite a través das redes sociais e sabendo precisamente que é a pornografía a que está na gran maioría dos delitos sexuais cometidos por menores, polo que rogan ó concello que lles explique que leva feito nese senso desde que se chegou a ese acordo.”

11.15.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre petición á Xunta de Galicia de axuda para a creación dun CIM

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“En Galicia existen 67 alomenos Centros de Información á Muller (CIM), en Coruña 25; 10 na de Lugo; 8 en Ourense e 24 na de Pontevedra; en Oleiros ningún, todos eles cunha categoría e un perfil definido garantindo e regulando desde o 2016 por un Decreto autonómico, CIMs dotados cuns recursos permanentes e comúns e todos coa mesma misión, asesorar e tratar dun xeito integral a todas as vítimas de violencia de xénero no noso territorio. Eses centros son coñecidos pola poboación e as vítimas os buscan cando os necesitan atopándoos facilmente porque están moi ben publicitados con accesos protexidos e moi ben pensados, rogan ó goberno do Concello de Oleiros unha vez máis que solicite un CIM para Oleiros para loitar dun xeito integrado e integral contra a violencia machista, xa que como evidenciaron noutro pleno lendo un escrito dunha asociación de veciñas e veciños do concello, aquí non se coñecen os recursos cos que contan as vítimas ó carecer dun CIM.”

11.16.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre campaña de sensibilización dando a coñecer as diferentes formas de violencia de xénero

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“A violencia de xénero ten outras caras que están a desvelar os expertos e expertas que o conxunto da sociedade ten que coñecer e denunciar, están a falar da violencia económica, do impago sistemático das manutencións que lle corresponden ó pai, da sabotaxe laboral que lle fan os homes ás mulleres maltratadas e sometidas. Seguro que a máis dunha persoa das que hoxe están presentes, ou que está a escoitar esta sesión, sóalle iso de que non vaia traballar fóra que non vas ter tempo para coidar ós teus nenos, estás todo o día a traballar fóra da casa e tes todo sen facer; formas distintas de desigualdade que tamén hai que combater, por iso rogan ó concello que desde o “sin CIM” de Oleiros, se realicen campañas de sensibilización e información dirixidas a diferentes sectores da poboación para incrementar a concienciación e comprensión pola cidadanía das distintas manifestacións e formas de violencia contra as mulleres.”

11.17.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa ás vantaxes que aporta ó concello non ter CIM

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Este 28 de decembro España celebrará 20 anos desde a aprobación da lei integral contra a violencia de xénero, unha lei que marcou e consolidou un cambiou de paradigma respecto da violencia de xénero, ó considerala de xeito formal unha cuestión de Estado, pero Oleiros non está nesa fronte, nesa unión e nese consenso; Oleiros vai por libre e segue sen CIM-Centro de Información á Muller, por iso queren preguntarlle ó goberno de “Alternativa dos Veciños” ¿Que vantaxes cren que lles aportan non contar con ese CIM na loita contra a violencia de xénero? Tal vez sexa máis importante para o alcalde a singularidade de Oleiros que esta loita.”

11.18.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa á execución de obras de mellora e humanización de Sta. Cristina

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“As obras de mellora na Avda. de Sta. Cristina, que se están levando a cabo desde a Deputación provincial seguen avanzando, pero non así as cuestións de limpeza e adecentamento que precisan moitas das rúas desa poboación, por iso unha vez máis desde o grupo municipal “Socialista” queren preguntar ó goberno de Oleiros ¿Cando vai





CONCELLO DE OLEIROS

planificar e asumir un plan que complete a mellora e humanización de Sta. Cristina? Entendendo que este sería o intre máis axeitado para facer unha actuación integral desta zona de Oleiros tan esquecida e maltratada.”

11.19.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa ó estado e conservación dos baños públicos en diferentes zonas do concello

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“No Paseo Marítimo de Sta. Cruz está instalado un baño público, á altura do Restaurante 13, que non se atopa en bo estado ¿Cando se limpa e se repón auga e papel nese e nos demais servizos públicos? E ¿Cantos máis están nese mesmo estado no Concello?. Poderían falar tamén do mal estado do servizo público de homes no Parque José Martí, en Sta. Cristina.”

11.20.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa á execución da rede de sumidoiros no Porto de Lorbé

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Unha canción que sonou moito dicía “o anel para cando” pois ben, ¿En Lorbé a rede de sumidoiros para cando? Estando pasando a pelota da Xunta ó Concello e viceversa, mentres tanto a casa sen barrer. Tanto a Xunta de Galicia coma a Deputación provincial fixeron os accesos pero debaixo, onde tiña que actuar o concello, nada. A veciñanza séguense buscando a vida coas fosas sépticas, incluso tratándose de prósperos negocios de restauración que axudan a popularizar ó Concello de Oleiros e que, precisamente pola súa sona e popularidade teñen que baleirar cada pouco a fosa séptica debido a súa grande actividade.

O sábado pasado puido verse como se paseaban polo porto de Lorbé os membros do goberno municipal, moi satisfeitos coas centolas, pero non deben esquecer que debaixo dos seus pés o que tiñan eran fosas sépticas e vertedoiros directos ó mar ¿Cando vai solucionar o Concello de Oleiros o problema de saneamento da veciñanza do Porto de Lorbé?.”

11.21.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa á petición de actuacións varias ós orzamentos da Xunta de Galicia

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O grupo municipal “Socialista” ven de rexistrar alegacións ó orzamento da Xunta de Galicia para actuacións no Concello de Oleiros por valor de 24,8 millóns de euros; pediron rematar a Vía Ártabra, 10 millóns; mellora da mobilidade interurbana; construción de vivendas de vivenda social e de aluguer; ampliación de colexios; ampliación e dotación de persoal nos servizos de atención primaria; mellora da seguridade viaria no Couto; dotar economicamente o servizo de valoración da dependencia para axilizar a tramitación e concesión das axudas; creación de centros de día e de residencias públicas; mellora da rede de saneamento e abastecemento; dotar de servizos de probas complementarias, como radioloxía, ó PAC de Sta. Cruz; construción dun novo centro de saúde en Mera; mellora do saneamento do Porto de Lorbé e a mellora da seguridade peonil e ciclista, facendo beirarrúas e carrís-bici. Compare o que pediu o seu grupo co que solicitou o alcalde na prensa.

O déficit do transporte público o resolve o alcalde e desde o seu grupo de Alternativa dos Veciños como patriarca da comarca, que melloren desde a Xunta de Galicia o financiamento do billete. As necesidades de sanidade pública nos centros de saúde de Oleiros, zánxao pedindo para os de Carral; para O Couto nin unha liña, nin para vivenda pública, nin para residencias e centros de día de Oleiros, nin para o porto de Lorbé, nin para os centros educativos, nin plan de turismo, etc. ¿Cre que Oleiros só precisa dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2025 o que publicita a bombo e platillo na prensa para outros concellos e non para Oleiros?.”

11.22.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre implantación de ciclos de Formación Profesional nos centros de ensino de Oleiros

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Vía emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia, solicitamos a implantación de ciclos de Formación Profesional (FP) en centros de ensino públicos de Oleiros, xa que apenas contamos con ciclos de FP (só un ciclo básico, ningún medio, nin superior) a pesares de ser un dos concellos máis dinámicos da comarca a nivel de poboación. É preciso





CONCELLO DE OLEIROS

corrixir esta situación e comezar a crear unha oferta docente neste sentido que non obrigue o alumnado a desprazarse a outros concellos da contorna, polo que solicitan que o Concello de Oleiros se sume a dita iniciativa.”

11.23.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre elaboración de estudo sobre ámbitos prioritarios para creación de emprego no Concello de Oleiros

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A maior parte das empresas presentes en Oleiros corresponden ao sector servizos, polo que consideran que é preciso incentivar outros sectores, tanto para isto como para diminuír a porcentaxe de persoas en situación de desemprego. Ahan que a través do Centro Municipal de Formación, en coordinación coa Xunta, deberíase establecer unha oferta baseada na elaboración dun estudo sobre ámbitos prioritarios para a creación de emprego, a partir do cal se podería elaborar un Plan de Emprego Municipal diversificado.

Solicitan que se estableza un diálogo-negociación fluídos coa Xunta de cara á consecución ciclos de Formación Profesional conforme aos planos de emprego aludidos.”

11.24.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre elaboración de plan de actuación de protección civil ante posibles desbordamentos ou inundacións

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Nas zonas máis vulnerábeis á auga, os concellos teñen a obriga de elaborar un plan de actuación de protección civil para facer fronte a posibles desbordamentos ou inundacións, que tamén deberá ser avaliado e aprobado pola Xunta. Este requisito afecta actualmente a 51 concellos, entre eles Oleiros, que non lles consta que teña elaborado o devandito Plano, polo que de ser certa esta circunstancia, solicitan que se elabore este preceptivo Plano á maior brevidade posíbel.”

11.25.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre a problemática no transporte público na comarca

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A mobilización cidadá perante a desfeita producida após o 23 de xuño no transporte público metropolitano concienciou a determinados gobernos locais na demanda de máis e mellores servizos de transporte, reivindicación que o BNG comarcal xa viña demandando durante lustros na súa loita por unha verdadeira mobilidade, aínda tan lonxe.

No caso do Concello de Oleiros están a ver a inminente construción de máis vivendas, serva como exemplo as 290 previstas na nova Icaria, polo que solicitan que teña en conta estas novas e inminentes necesidades de transporte público provocadas polo incremento de poboación. Máis cando xa se coñece como funciona a Xunta de Galicia, que deixou de convocar os encontros semestrais que non teñen lugar dende o 2020, por certo algunha responsabilidade terán tamén os Concellos, cando non se demandaba a convocatoria destes preceptivos encontros.”

11.26.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre arranxo do solo na sauna masculina no Complexo Deportivo de Arillo

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Hai xa máis dun ano que se retirou o solo de madeira da sauna masculina de Arillo. Existen queixas unánimes polos usuarios da mesma xa que se producen de caídas e esvaróns xa que o chan está mollado por razóns obvias. Solicitan que se coloque un soporte de madeira para evitar posibles accidentes.”

11.27.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa á execución de diferentes actuacións de mellora por parte da Demarcación de Costas no termo municipal

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:





CONCELLO DE OLEIROS

“A ineficacia no Concello de Oleiros do Departamento de Costas é tristemente coñecida en Oleiros, Paseo da Ría do Burgo, desprendementos varios por todo o Concello, abandono do mosaico de Santa Cristina, pasarelas de acceso ao Castelo, etc. Recentemente o Concello iniciou os traballos de rehabilitación na ladeira do paseo entre As Galeras-As Trece Rosas e a praia de Santa Cruz após os desprendementos acontecidos a principios deste ano e tamén en agosto que deixaron intransitábel o paso.

O alcalde denunciou en numerosas ocasións á Demarcación de Costas porque era da súa responsabilidade, máis Costas respondeu que o Concello debería solicitar a concesión do dominio marítimo porque no seu intre o Concello construíu o paseo sen pedilo ¿Que opina o Concello destas afirmacións da Demarcación de Costas sobre a inexistencia das preceptivas autorizacións?.”

11.28.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa á problemática dos xabarís

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A presenza dun rabaño de 15 xabarís nunha estrada da zona urbana de Oleiros provocou o 23 de outubro un accidente de tráfico cunha persoa ferida. Agora xa se recoñece dende o Concello que as gaiolas funcionan, máis son precisas batidas que a Xunta de Galicia xa autorizou en determinadas zonas do Concello; porén o Concello acredita na necesidade de ampliar aínda máis as zonas de batida ¿Existe diálogo fluído coa Xunta para solucionar estas diverxencias e se están a notar xa os efectos destas novas medidas malia o pasado accidente de hai un mes cunha persoa ferida?.”

11.29.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa á problemática dos contedores soterrados

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Co gallo das obras de Santa Cristina o Concello quiere eliminar os contedores soterrados porque “os cidadáns son totalmente irrespectuosos con ese tipo de colectores. A gran maioría non mete o lixo neles alegando que non collen as bolsas nas bocas dos deles, o alcalde sinalou en diferentes medios que non é certo que non collan, pero o que non se pode é levar unhas bolsas de lixo inmensas sendo polo xeral, os principais infractores os hostaleiros, deixando fóra as bolsas e sen meter tampouco o vidro nos contedores específicos”.

O BNG quiere saber se dende o Concello se adoptaron as medidas oportunas para concienciar, educar e informar a cidadanía sobre este tipo de contedores e no seu caso, sancionar os infractores como no caso deses hostaleiros que se afirma que nin meten o vidro e o deixan na rúa. Tamén gustaríales saber do gasto que vai supor para as arcas públicas a substitución deste sistema por outro.”

11.30.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa á actividade programada “Expresa Oleiros Urban Fest”

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Ficou instalada en Santa Cristina a exposición sobre parte do muralismo en Oleiros que serve para repasar a evolución do “Expresa Oleiros Urban Fest”, a convocatoria que cada ano suma tres obras deste xénero urbano noutros tantos lugares do municipio. O contido da exposición inclúen referencias biográficas e artísticas das e dos creativos, así como a localización de cada mural, para que quen o desexe poida contemplalo en directo.

O BNG levou recentemente ao Parlamento español a necesaria conservación do primeiro mural/mosaico de Oleiros (1992) titulado “27 arroaces e unha estrela” do creador de renome e talla internacional Xabier Correa Corredoira. Este mural áchase a escasos metros da exposición. Por máis que non pertenza ao “Expresa Oleiros Urban Fest” ¿Non considera o Concello que este pioneiro e senlleiro mural oleirense merecía ser incluído na devandita exposición?.”

11.31.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa a problemas coa telefonía en Vilanova-Nós

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Na estrada á altura da churrascaría “La pequena Vilanova” en Vilanova, freguesía de Nós, a semana pasada un camiión derrubou un cable telefónico que ficou na estrada até ser retirado. O último que sabemos é que a veciñanza seguía sen liña telefónica ¿Que pode dicir o concello deste accidente e situación?.”





CONCELLO DE
OLEIROS

Inicia a quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, iniciando cos rogos e preguntas formuladas polo grupo representante do BNG en canto á implantación de novos e máis ciclos de Formación Profesional nos centros de ensino do concello, co que están totalmente de acordo e non teñen ningún inconveniente en sumarse a esta petición e sobre o tamén proposto, dicirlle que este concello conta cunha relación profesional estreita cos responsables da Xunta de Galicia, polo tanto e xa desde hai moitos anos no concello fórmanse unha morea de xoves, mulleres e homes, con cursos e tamén coas escolas-taller que contan cunha duración dun ano aproximadamente e nas que incluso, cobra o alumnado e incluso mañana péchase unha delas, polo que insiste en que a relación é fluída e in mellorable.

En canto á elaboración dun plan para as zonas máis vulnerables en situacións de desbordamento e inundacións, xa existe un plan, pódese ser mellorable e ó mellor hai que facelo.

En canto á situación do transporte público, comunicáronse desde a Xunta de Galicia, cre que o mes pasado, e pretendían asinar unha prórroga do actual por catro anos ó que lle manifestaron que non estaban de acordo, tanto Oleiros como outros concellos da comarca da Coruña, un total de seis, xuntáronse en Santiago e onte mesmo, tamén tiveron outra reunión na Coruña e nela o este concello manifestou as súas demandas, tamén o fixo o da Coruña; algo dixo de xeito suave o de Culleredo e unhas loas por parte do de Betanzos, dos 17 alcaldes e alcaldesas presentes.

Nesa xuntanza da Coruña, Oleiros deixou claro que se en seis meses non hai unha mellora nas demandas realizadas e que se concretan na creación dunha liña entre Meirás e Oleiros, que pase por Xaz, porque nesa zona non hai transporte público; que o autobús articulado que actualmente para no Seixal, que suba ata Vilanova e que o faga de xeito alterno, é dicir, como a frecuencia desa liña e cada quince minutos que polo menos suba un si e outro non, é dicir, cada media hora, para dar servizo á veciñanza de Nós, porque esta parroquia non é só O Seixal.

Tamén, que se estude a situación do transporte que afecta a Oleiros e Sada, principalmente o que atinxe ó núcleo de Lorbé e a zonas de Sada e a eliminación da liña interna de autobús que está xirando e que vai practicamente sempre baleiro e que ten un custo para este concello de 80.000 €, que non paga a Xunta de Galicia e que se negaban a dalo de baixa, e agora a partires do 1 de xaneiro esa liña elimínase definitivamente. Pediron a creación dunha nova liña que veña a Oleiros e baixe polo Carballo ó centro comercial de Iñás, que conta con moita actividade porque son moitas as persoas que o visitan, polo que solicitaron máis frecuencias. Finalmente, outras máis que son menores aínda que tamén importantes, pero as máis salientables son as que remata de enumerar e o dito, se no prazo de seis meses non se lles contesta, Oleiros saírase dese convenio.

Ante a pregunta de que acontecería de ser realidade o suposto de que Oleiros se saíse do convenio coa Xunta de Galicia en canto ó transporte metropolitano, o alcalde sinala que xa se verá pero o que non van permitir e que siga como ata agora, porque non pode ser que se estea igual durante vinte anos cando por exemplo, Oleiros creceu nuns 5.000 habitantes durante ese período, hai que revisar a situación porque Oleiros con Arteixo son casos excepcionais polo crecemento poboacional e niso comprometeuse a representante da Xunta de Galicia que estaba presente, incluso de facer un estudo e no prazo de tres meses volveuse xuntar para falar do asunto.





CONCELLO DE OLEIROS

En canto ó rogo presentado polo representante do BNG sobre o estado da sauna no Complexo Deportivo de Rialta, na sauna non se pode botar auga, aínda que ha xente que si o faga e logo aparece o chan encharcado, de tódolos xeitos notificarán esta situación á empresa que explota o complexo.

En canto á pregunta relativa á Demarcación de Costas, ten que dicir que tanto o actual delegado coma, incluso, o delegado do goberno en Galicia, que tamén fai caso omiso ós acordos que na súa presenza se tomaron e con Eimil, chegouse a un acordo, cortaron uns arbores levaron a madeira para facer un paseo e aí está iso sen facer absolutamente nada; o mesmo en Mera, Punta Bufadoiro, pasou en Bastiagueiro no que caeron dous taludes, un deles case lévase por diante a pasarela que une Sta. Cruz co Parque das Galeras e As 13 Rosas e non se dá por enterado de todas as comunicacións e requerimentos que se lle fan desde o concello e tiveron que actuar por mor do risco que había para a poboación, coa execución da obra que fixeron e onte mesmo contestaron daquela maneira a unha morea de cuestións que lles puxeron enriba da mesa e en canto a que o concello debe facer obras de mantemento, fainas pero a obra feita moi custosa e o concello asume ese mantemento, aínda que sexa custoso, pero é que tivo que facelo o concello porque Costas non actuou e porque a veciñanza non pode deixar de pasar por alí ou xogarse a vida porque a pesares dos balados, sácanas e pasan.

No que atinxe á problemática dos xabarís, tardaron en darse conta e as gaiolas xa van funcionando porque xa apresaron uns 19 xabarís e o que ten que funcionar máis é a caza, porque hai moreas e moreas de xabarís, sobre todo na zona que falou o representante do BNG, preto da Vía Ártabra porque é unha zona idónea para vivir nela e xa onte díxolle á delegada do goberno que había que incrementar as batidas nese ámbito.

En Sta. Cristina e en canto ós contedores soterrados non funcionaron, por certo que foron os primeiros que se colocaron, pero por infracción dunha parte da hostalería da zona polo uso de bolsas de maior tamaño que non entran na boca dos contedores, en definitiva o que se decidiu aproveitando a reforma integral da Avda. de Sta. Cristina foi substituílos e existen moitos expedientes de apertura de dilixencias encamiñados a sancións, pero non só aí senón tamén en diferentes lugares do termo municipal, veciños ou veciñas que deposita enseres que non poden e logo danse conta de que tiña o seu nome, por poñer un exemplo.

No relativo á proposta do representante do BNG en canto ó mosaico de Xabier Correa e a súa inclusión no “Expresa Oleiros Urban Fest”, recollen a proposta de inclusión para o futuro e tamén hai que lle requirir a Costas para que o arranxe. En canto ó camiión que tirou o posto de telefonía, non se preocupe que se está nelo para que pola compañía aseguradora do vehículo o repoña.

En canto ó proposto polo grupo municipal “Socialista”, dalle a palabra á concelleira de servizos sociais.

Da orde do alcalde intervén a concelleira de servizos sociais, D^a Belén Taboada, quen sinala que en canto ós rogos 1, 3 e 5, dicirlles que levan moitos anos traballando non só cos temas que o grupo “Socialista” propoñen, senón que con outros moitos da man de toda a veciñanza de Oleiros, por exemplo, nestes días atrás estiveron nos colexios e nos grupos de actividades de persoas maiores falando de sexting, de consentimento ou de linguaxe inclusiva.





CONCELLO DE
OLEIROS

Fálase con tódalas franxas de idade, de infantil a secundaria, facendo programas específicos para mulleres, para as persoas maiores e sempre da man da veciñanza e de xeito transversal.

En canto ó rogo número 2, pregunta sobre cantas mulleres e menores atendidos por mor da violencia de xénero e neste último ano foron un total de 84, desde a Policía Local á Garda Civil, tamén polo propio departamento de servizos sociais, con distintos tipo de intensidade e serán atendidos todos e todas as veces que fagan falla.

A respecto do rogo número 3 e onde sinalan que os CIM están identificados, que son recoñecibles de xeito doado polas vítimas, de pouco valen se están pechados e menos valen tamén as listaxes de agarda dun mes e, incluso, de dous e para contestar e tamén aproveita para contestar a pregunta formulada a ese respecto polo concelleiro do grupo “Socialista”, en canto ás vantaxes que habería de non contar con CIM, dicir que con el ou sen él as persoas vítimas o que deben é ser atendidas no intre no que xurda a urxencia, por poñer un exemplo hai días recibiu ás 20 horas unha chamada do Xefe da Unidade Específica de Violencia de Xénero do Cuartel da Garda Civil de Cambre preguntándolle se poden botarlle unha man a unha muller vítima veciña con dúas menores residente no Concello de Culleredo, por certo onde goberna o PSOE, porque non podía atendela nin por persoal político, nin técnico, e ese concello conta cun CIM, foi este concello quen deu resposta de axuda a esa vítima e están encantadas de podelo facer todas as veces que fagan falla, o que quere poñer enriba da mesa é que ese concello insiste en que ten CIM e non deu resposta e cun cadro de persoal amplo no seu departamento de servizos sociais e por iso en Oleiros non queren un CIM, o seu departamento conta cunha estrutura suficiente como para dar resposta e saber en todo intre o que hai que facer e non só de 8 a 3, polo que cando os CIM dean unha cobertura integral e cando os servizos sociais comunitarios estean dotados de persoal necesario para protexer ás vítimas será un intre de telo, pero que os doten de todo o persoal necesario e que sexa financiado, por suposto.

De seguido intervén novamente o alcalde, D. **Ángel García**, para contestar ós rogos e preguntas presentadas polo grupo “Popular”...

Neste intre pola voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, salienta que non están contestadas todas as iniciativas, ó que lle responde o alcalde, Sr. **García**, que en principio están contestadas e se falta algunha xa se lles dará contestación.

Segue o alcalde en uso da palabra, sinalando que en canto ós rogos presentados polo grupo “Popular” e sobre o alumeado dos pasos de peóns, dicirlle que existe un contrato asinado cunha empresa que se encarga diso e de eleválos e tamén de sinalización nova para todo o concello, está a piques de rematar o actual contrato e xa se está preparando unha nova licitación.

No que atinxe ó exposto sobre o alumeado insuficiente do Campo de Fútbol de Montrove, dicir que cre que existe un alumeado suficiente como para poder adestrar e, incluso xogar, e ademais está prevista a execución dunha grada e uns vestiarios novos polo que non van facer agora máis obra nesas instalacións cando insiste en que está previsto un forte investimento, que acada os 500.000 €.





CONCELLO DE
OLEIROS

Sobre o tema da presenza da Policía Local nos centros de ensino municipais, desde sempre os axentes están atendendo este servizo pero o que non pode facer é poñer máis axentes en cada centro de ensino porque habería que contar cunha plantilla co triple de axentes. Os principais infractores son os propios pais e nais que aparcan en calquera sitio, polo que hai moito que aprender e ser máis cívicos.

O tema do desbroce do espazo preto do Colexio de Sta. Cruz, dicirilles que se está nelo e de feito é certo que existe unha parte do río que non discorre ben e se enlama pero xa se está nelo e vaise abordar en breve para arranxalo; respecto ás pólas que quedan soltas produto dos temporais a actuación da súa retirada por parte dos servizos municipais é diaria; en canto ó tema de EMALCSA e o proceso xudicial aberto xa se tratou dabondo neste mesmo pleno e cre que está máis que explicado e existe unha consignación da débeda pero o que non van e pagar un IVE que entenden que non corresponde.

Respecto das preguntas formuladas, no tema de Francisca Herrera xa o explicou, en canto á viaxe feita a Cuba foi acompañado do concelleiro de obras públicas e foron entregar 3 contedores cheos de axuda pública procedentes de toda Galicia, de hospitais, ONGs, teñen a Oleiros como un punto de solidariedade internacional, non só con Cuba senón tamén, por exemplo, no Sáhara no que estiveron tamén hai pouco representados polo concelleiro encargado da comunicación do Concello e rematan de ir a Cuba en viaxe oficial e como xa dixo, a realizar a entrega da axuda reunida e o custo da viaxe xa lles dará información o interventor municipal.

No que atinxe ó informe para a subida de taxas, xa está máis que falado e é o persoal técnico o que completa os expedientes para elevalos ó pleno e en canto ó remate das obras de Sta. Cristina estase a substituír toda a rede de canalización de auga e a rede de sumidoiros, o alumeadado...

Ante o reclamo da concelleira do grupo “Popular”, D^a **Vanesa Domínguez**, de que os hostaleiros están cansos de tanta obra e que incide negativamente nos seus negocios, o alcalde D. **Ángel García**, sinálalle que as obras son sempre molestas e tratándose dunha reforma integral ten os seus prazos e en canto á incidencia nos negocios de hostalería ten outra versión á que hoxe pon enriba da mesa a concelleira do grupo “Popular” e non se pode pechar completamente porque entón si que sería unha ruína para os negocios, polo que hai que ir por etapas e para facer a substitución da rede naturalmente que hai que cortar a subministración de auga e como antes xa dixo, cando se realizan esas obras de tanto envergadura prodúcense molestias, é inevitable.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.06 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en corenta e catro (44) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

